



AGRUPACIÓN ESPAÑOLA DE ENTIDADES ASEGURADORAS
DE LOS SEGUROS AGRARIOS COMBINADOS, S. A.

Gobelas, 23 Tel. 91 837 32 00 28023 Madrid (ESPAÑA)

SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE REPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN

CONDICIÓN ESPECIAIS

De conformidade co Plan anual de seguros, aprobado polo Consello de Ministros, garántense os bens asegurables, con base nestas condicións especiais, complementarias das xerais de seguros pecuarios, das que este documento é parte integrante.

O tomador en representación dos seus asegurados, no caso de declaracións de seguros colectivos, e o asegurado, no caso de declaracións de seguro individual, subscriben este condicionado e aceptan especificamente as súas condicións limitativas, que aparecen salientadas en negra, e reciben neste acto cadansúa copia.

APellidos e nome ou denominación social do tomador

--

Ref. do seguro colectivo
ou ref. do seguro
individual

										-	
--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	---	--

CIF ou NIF

--

....., de de

O tomador do seguro ou o asegurado
SIGNATURA E SELO

ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
Capítulo I: DEFINICIÓNS.....	3
Capítulo II: OBXECTO DO SEGURO	8
1ª - GARANTÍAS	8
2ª – RISCOS CUBERTOS.....	9
3ª – LIMITACIÓNS E EXCLUSIÓNS	18
4ª – PERÍODO DE GARANTÍAS	21
5ª – ELECCIÓN DE GARANTÍAS	21
Capítulo III: BENS ASEGURABLES	22
6ª – ÁMBITO DE APLICACIÓN	22
7ª – TITULAR DO SEGURO	22
8ª – EXPLOTACIÓNS ASEGURABLES	22
9ª – ANIMAIS ASEGURADOS.....	26
10ª – CLASE DE EXPLOTACIÓN	29
Capítulo IV: CONDICIÓNS DE ASEGURAMENTO.....	30
11ª – PERÍODO DE SUBSCRICIÓN	30
12ª – VALOR UNITARIO	30
13ª - NÚMERO DE ANIMAIS E PRODUCCIÓN DE LEITE	30
14ª – BONIFICACIÓNS E RECARGAS	31
15ª – CONDICIÓNS TÉCNICAS MÍNIMAS DE EXPLOTACIÓN E MANEXO	35
16ª – PAGAMENTO DA PRIMA	35
17ª – ENTRADA EN VIGOR	38
18ª – PERÍODO DE CARENCIA	38
19ª – CAPITAL ASEGURADO.....	39
20ª – OBRIGAS DO TOMADOR OU DO ASEGURADO.....	41
Capítulo V: SINISTRO E INDEMNIZACIÓN	44
21ª – COMUNICACIÓN DE SINISTROS	44
22ª – INSPECCIÓN DOS DANOS	45
23ª – VALORACIÓN DOS DANOS.....	45
24ª – SINISTRO INDEMNIZABLE.....	48
25ª – FRANQUÍA	50
26ª - CÁLCULO DA INDEMNIZACIÓN	51
27ª - CONSULTA E VERIFICACIÓN DA INFORMACIÓN	52
28ª– ELECCIÓN DE EMPRESA XESTORA	53
Capítulo VI: ANEXOS.....	54
ANEXO I – RISCOS CUBERTOS E CONDICIÓNS DE COBERTURAS.....	54
ANEXO II.....	57
ANEXO III.....	61
ANEXO IV	65
ANEXO V	66

Capítulo I: DEFINICIÓN

Para os efectos do seguro establécense as seguintes definicións:

ANIMAIS PRODUTIVOS: Este grupo de animais está integrado por: reprodutoras, reprodutoras de alto valor xenético, sementais, sementais con carta, sementais mellorantes, sementais en proceso de avaliación, bois maiores e xovencas, todos eles descritos na condición novena.

ANIMAIS NON PRODUTIVOS: Este grupo de animais está integrado por: recrías, recrías de alto valor xenético, bois menores e tenreiras, todos eles descritos na condición novena.

ALTO VALOR XENÉTICO: Animais de raza pura avaliados e inscritos no libro xenealóxico da súa raza pola asociación oficialmente recoñecida como xestora do libro, e no caso da raza frisoa cun “índice xenético”, “índice xenómico” ou “índice de pedigree” situados cando menos no percentil 90 % na última avaliación xenética e, no resto de razas, cunha cualificación igual ou superior a moi boa.

APTITUDE: Orientación produtiva das razas de animais que polas súas características morfolóxicas aos especializa nunha determinada produción, láctea ou cárnica.

AUTORIDADE COMPETENTE: Servizos estatais ou autonómicos responsables de temas sanitarios e alimentarios.

CUALIFICACIÓN DE SANEAMENTO: Clasificación das explotacións segundo os resultados ás probas de tuberculose e brucelose, no cumprimento dos programas nacionais de erradicación, vixilancia ou control de enfermidades animais.

CENSO ASEGURABLE: Número de animais que cumpren os requisitos establecidos para ser asegurables.

CENSO DECLARADO: Número de animais incluídos, polo asegurado, na declaración do seguro.

CENSO REXISTRADO: Número de animais inscritos no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

CÓDIGO REGA: Serie alfanumérica de 14 díxitos asignada a cada explotación que a identifica de forma exclusiva no Rexistro de Explotacións Gandeiras (REGA).

CONDICIÓN DE PREZOS PARTICULARES: Documento que regula o pacto expreso de prezos entre o asegurado e a xestora, para a retirada e destrución dos cadáveres das explotacións aseguradas.

CONFORMACIÓN: Características morfolóxicas dos animais pertencentes a unha raza ou cruzamento de razas, relativas á capacidade corporal e volume muscular. Acorde coa conformación distínguense determinadas razas de aptitude cárnica como de excelente conformación e razas especializadas.

CONTROL OFICIAL LEITEIRO: Conxunto de actuacións para a recollida sistemática de información produtiva, cuantitativa e cualitativa, e doutro tipo, que se incorporan aos programas de mellora de cada raza e aos que se someten as explotacións de raza pura de réxime lácteo, encamiñadas á obtención de índices xenéticos dos seus animais, que permiten xunto con outros parámetros a selección para a mellora xenética. Unha explotación considérase en control oficial leiteiro cando polo menos o 70 % das súas vacas o estean.

IDADE: Número de meses de vida dos animais. Os días que non completen un mes computarán como un mes máis.

ENESA: Entidade Estatal de Seguros Agrarios; forma parte do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

ESPECIE: Conxunto de animais con características comúns que lles permite reproducirse entre si e xera descendencia fértil. Neste seguro considéranse as especies bovina, búfalos e bisontes.

EXPLOTACIÓN: Conxunto de bens organizados empresarialmente para a actividade de reprodución e produción de gando vacún que ten asignado un único código no Rexistro de Explotacións Gandeiras (REGA).

AVALIACIÓN XENÉTICA: Conxunto de operacións realizadas sobre a poboación en control de rendementos e rexistro de xenealoxías, que permitan a obtención de valores xenéticos individuais para os caracteres obxectivo establecidos no programa de mellora, xunto coa súa precisión. A avaliación xenética dos reprodutores permite clasificalos polos seus méritos xenéticos, co fin de seleccionar os mellores como proxenitores das seguintes xeracións.

FRANQUÍA: Parte do dano que queda a cargo do asegurado. Segundo a súa forma de aplicación, diferéncianse dous tipos:

- A) Franquía absoluta: Aplícase restando á contía económica do dano o importe económico que supón a porcentaxe establecida sobre o capital asegurado.
- B) Franquía de danos: Aplícase restando á contía económica do dano o importe que supón multiplicar a porcentaxe desta franquía sobre o valor do dano.

XESTORA: Empresa autorizada para a retirada e destrución de cadáveres.

GRUPO DE RAZAS: Distintas agrupacións de animais pertencentes á mesma especie de características zootécnicas semellantes (morfoloxía, orientación produtiva, aptitude, conformación, pureza, etc.).

INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA: Unha explotación considerárase con "indicación xeográfica protexida" (IXP) cando o seu titular sexa un operador inscrito no rexistro dunha IXP con rexistro comunitario, e sometidas aos controis de verificación do prego de condicións que as certifiquen como tales.

INFRASEGURO: Situación na que o valor acreditado das explotacións incluídas na declaración é superior ao seu valor declarado.

MÍNIMO INDEMNIZABLE: Dano mínimo acreditado por un risco cuberto e que debe superarse para poder ter dereito a indemnización.

PARTO A TERMO: Considerárase así cando o período de xestación teña unha duración de 270 días, ou se aprecie na cría a erupción de dentes incisivos.

PERÍODO DE GARANTÍAS: Tempo durante o que a explotación está amparada polas coberturas da póliza.

PRODUCCIÓN ECOLÓXICA: Unha explotación considérase de produción ecolóxica se está así rexistrada segundo as normas vixentes, está sometida aos controis que a certifican como tal e dispón do plan de xestión de alimentación do gando e do libro de control sanitario debidamente actualizado e dilixenciado.

RAZA PURA: Agrupación dos animais en función de que presentan ou non uns estándares raciais acollidos a cualificación e que poden demostrar mediante certificado ou documentación emitido pola entidade responsable. Unha explotación será considerada de raza pura se cando menos o 70 % dos seus animais produtivos posúe carta xenealóxica emitida pola asociación correspondente, incluídas as expedidas polos organismos competentes, dos terceiros países autorizados, segundo a normativa en vigor.

RAZAS DE EXCELENTE CONFORMACIÓN I: Para os efectos do seguro considéranse como razas de excelente conformación as razas: asturiana dos vales e rubia galega.

RAZAS DE EXCELENTE CONFORMACIÓN II: Para os efectos do seguro considéranse como razas de excelente conformación as seguintes: aberdeen angus, branco azul belga, blonda de Aquitania, charolesa, fleckvieh, gascoa, hereford, limusín, pirenaica, salers, shorthorn e as mestizas que deriven dos cruzamentos exclusivos entre estas razas ou do grupo anterior.

RAZAS ESPECIALIZADAS: Para os efectos do seguro considéranse como razas especializadas as seguintes: asturiana da montaña, avileña negra ibérica, bruna dos Pireneos, morucha, parda de montaña, parda alpina, retinta, tudanca, as razas estranxeiras de carne non incluídas no grupo anterior e as mestizas que deriven dos cruzamentos exclusivos entre as razas deste grupo e do de excelente conformación.

RÉXIME: Forma de explotación dos animais relacionada coa tradición, o clima, o territorio e a aptitude. Abrangue os medios de produción empregados para a explotación.

RÉXIME LÁCTEO: Explotacións con animais de aptitude láctea que moxen varias veces ao día as súas vacas, con sistema de muxir mecánico e tanque de refrixeración de leite adecuadamente dimensionados aos animais en muxidura que posúa.

RÉXIME DE RECRÍA DE XOVENCAS: Sistema de recría de vacúns dedicado en exclusividade á cría de femias, que serán destinadas posteriormente á reprodución noutras explotacións de reprodución e produción (cando sexa de vacúns de aptitude cárnica poderán ter algún semental para cubrir as xovencas).

RÉXIME DE DEVESA: Sistema de explotación de reprodución e produción de vacúns de aptitude cárnica localizado en devesas situadas en chairas convenientemente cercadas nas que, diariamente, se controla a situación dos animais, o seu estado, alimentación, etc.

RÉXIME DE CENTROS DE REPRODUCCIÓN OFICIALMENTE AUTORIZADOS: Enténdese por tal aqueles centros de agrupamento de animais oficialmente autorizados dedicados á recollida e obtención de material xenético para a súa utilización nas distintas técnicas de reprodución gandeira, ou ben para a creación e o mantemento de bancos de xermoplasma, nos que se encontran en depósito, permanente ou temporal, sementais con cualificación morfolóxica moi boa ou de alta valoración xenética, mellorantes ou en proceso de avaliación.

RÉXIME DE PRODUCCIÓN DE BOIS: Sistema de explotación de machos vacúns capados que inclúe un período de varios anos en pastoreo extensivo e un período de acabado dalgúns meses en estabulación permanente.

RÉXIME DE SEMIESTABULACIÓN: Sistema de explotación de reprodución e produción de vacúns de aptitude cárnica no que os animais, para a súa alimentación, deben acceder regularmente aos pasteiros da propia explotación, aínda que o resto do día se aloxan en cortes e instalacións anexas. Cando as condicións climáticas o permiten, poden permanecer todo o día neses pasteiros, e acudir diariamente a un lugar da explotación onde se lles subministra alimentación suplementaria e se controla o seu estado.

RÉXIME EXTENSIVO DE FÁCIL CONTROL: Sistema de explotación de reprodución e produción de vacúns de aptitude cárnica en cercados de topografía pouco ou nada accidentada, con vías de fácil acceso. Nesta modalidade de sistema extensivo, pola extensión da explotación e/ou polo seu manexo, todos os animais son controlados polo menos unha vez cada 48 horas.

RÉXIME EXTENSIVO DE PASTOREO ESTACIONAL E DIFÍCIL CONTROL: Sistema de explotación de reprodución e produción de vacúns de aptitude cárnica non incluído en ningún dos réximes anteriormente definidos.

RÉXIMES CÁRNICOS: Inclúe os réximes de semiestabulación, extensivos de fácil e difícil control e o da devesa.

REGRA DE EQUIDADE: Redución da indemnización na mesma proporción na que está a prima satisfeita respecto da que se había de aplicar, de acordo co contrato de seguro.

REGRA PROPORCIONAL: Redución da indemnización na mesma proporción na que está o valor declarado respecto ao valor acreditado da explotación, de acordo co contrato de seguro.

RESTRICIÓN DE MOVEMENTOS: Limitación da saída de animais dunha explotación a unha área concreta o a outras explotacións, decretada pola autoridade competente, para protexer a saúde pública ou animal.

SISTEMA DE PRODUCCIÓN: Sistema utilizado para a xestión agropecuaria e produción de alimentos e que combina as prácticas de cultivo dun determinado modo para a obtención de produtos con determinadas características (tradicional, ecolóxica...).

SOBRESEGURO: Situación na que o valor acreditado das explotacións incluídas na declaración é inferior ao seu valor declarado.

TIPO DE ANIMAL: Grupo de animais da explotación que se diferencian en cada liña atendendo a criterios de idade, sexo, pureza, etc., para cada especie e grupo de razas.

TOMA DE EFECTO DO SEGURO: Momento no que se fan efectivas as garantías, unha vez producida a entrada en vigor e transcorrido o período de carencia.

TRATANTE OU OPERADOR COMERCIAL: Calquera persoa física ou xurídica, dedicada directa ou indirectamente á compra e venda de animais con fins comerciais inmediatos.

VALOR ASEGURADO DA EXPLOTACIÓN: É a suma dos produtos do número de animais de cada tipo declarados polo valor unitario escollido para cada tipo. No caso do leite, será a produción declarada polo prezo escollido.

VALOR UNITARIO DECLARADO: Valor elixido polo asegurado entre o máximo e o mínimo que establece ENESA para os animais, conforme a especie, grupo de raza, tipo de animal e características da explotación.

VALOR UNITARIO ACREDITADO: Valor unitario máximo ao que se poderían asegurar os animais da explotación, xustificado documentalmente polo asegurado.

VALOR UNITARIO BASE: O menor de entre o valor unitario declarado e o valor unitario acreditado.

VALOR DE RECUPERACIÓN: é o importe que debe deducirse por reutilización, rescate ou recuperación en carne do animal.

Capítulo II: OBXECTO DO SEGURO

Asegúranse as explotacións da especie bovina, búfalos e bisontes para a cría, reprodución e produción.

1ª - GARANTÍAS

I. GARANTÍAS BÁSICAS

Cóbreanse os danos ocasionados nos animais polos riscos que se describen en “Riscos Cubertos” para esta garantía.

II. GARANTÍAS ADICIONAIS

Para complementar a garantía básica, poderanse asegurar as garantías adicionais que se mencionan a continuación, que cobren os riscos que se detallan en “Riscos cubertos” e que se poderán elixir como se describe no anexo I.

- 1 ACCIDENTES INDIVIDUAIS
- 2 PARTO
- 3 MORTE DE CRÍAS
- 4 MAMITE
- 5 ENFERMIDADES
- 6 SRB
- 7 METEORISMO
- 8 CARBÚNCULO
- 9 MORTE SÚBITA
- 10 BROTE DE MAMITE
- 11 DIMINUCIÓN DA PROLIFICIDADE
- 12 PERDA DE CALIDADE DO LEITE
- 13 MORTALIDADE POR CAUSAS DIVERSAS
- 14 SANEAMENTO EXTRA
- 15 PRIVACIÓN DE ACCESO A PASTEIROS
- 16 RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

2ª – RISCOS CUBERTOS

I. GARANTÍA BÁSICA

1. SANEAMENTO BÁSICO

Cóbrese, para as explotacións que contratasen esta garantía, a de saneamento ou a de saneamento extra no plan anterior e contraten esta liña no prazo de 30 días tras o vencemento da anterior (*) ou con cualificación T2 negativas e B2 negativas ou cualificación mellor, o sacrificio obrigatorio dos animais, decretado e declarado indemnizable pola autoridade competente, polos resultados das probas de saneamento gandeiro, iniciadas no período de vixencia do seguro, para as seguintes enfermidades:

- Tuberculose bovina.
- Brucelose bovina.
- Leucose enzoótica bovina.
- Peripneumonía contaxiosa bovina.

(*) As explotacións despoboadas no momento de renovar a póliza, por baleiro sanitario cuberto nesa póliza, poderán renovar nesas mesmas condicións no prazo de 30 días tras a data de incorporación do primeiro animal.

Para esta garantía a data de sinistro será a de inicio das probas na explotación, salvo que houberse unha suspensión ou unha perda de cualificación motivada por unha detección da enfermidade fóra de explotación; nese caso a data será a desa detección.

2. FEBRE AFTOSA

Ante a comunicación oficial pola autoridade competente de aparición de febre aftosa ou da súa sospeita cóbrense:

- Os sacrificios obrigatorios dos animais.
- A morte de animais por febre aftosa.
- A inmovilización a que sexa sometida a explotación, no período de vixencia do seguro por un tempo mínimo de 21 días e ata un máximo de 17 semanas en todo o período de vixencia do seguro, cunha compensación económica por animal e semana completa de inmovilización. Consideraranse os días que non completen unha semana como unha semana máis.

3. ENCEFALOPATÍA ESPONXIFORME BOVINA (EEB)

Cóbrese a morte e os sacrificios obrigatorios dos animais que decreta a autoridade competente por probas realizadas no período de vixencia do seguro, en aplicación do programa de control establecido para a EEB, coa compensación por animal prevista no anexo III.

Tamén se compensará polos animais asegurados que resulten comisados no matadoiro como consecuencia directa ou indirecta dun resultado positivo a EEB coa cantidade de 240 €.

4. RISCOS CLIMÁTICOS E OUTROS RISCOS

Cóbrese a morte ou o sacrificio preciso de animais debido a incendio ou esmagamento por derruba da instalación.

Ademais, cóbrese a morte ou o sacrificio necesario de animais por efecto directo dunha adversidade climática (inundación, raio, neve). Cando un axente meteorolóxico impida a atención, o coidado ou o manexo normal dos animais e diso derive a súa morte ou sacrificio necesario, tamén estarán cubertos.

5. ATAQUE DE ANIMAIS

Cóbrese a morte ou o sacrificio preciso de animais como consecuencia do ataque de animais salvaxes ou bravos.

6. MORTALIDADE MASIVA

Cóbrese a morte simultánea (e o sacrificio necesario) de forma simultánea e provocada por un mesmo evento de cando menos 4 animais maiores de 6 meses, para as explotacións de ata 100 animais produtivos (e 1 animal máis, maior de 6 meses, por cada centena sucesiva, considerando que os animais produtivos, aínda que non completen unha centena sucesiva, contarán como unha centena máis). Tamén estarán cubertas as mortes que deriven do dito evento nos 10 días seguintes á data na que se produciu.

Superado o mínimo indemnizable, os animais de ata 6 meses de idade sinistrados no evento tamén estarán cubertos.

7. PERDA DE ANIMAIS PRODUTIVOS POR MORTALIDADE MASIVA

Compensarase polo período de recuperación da produción consecutivo a unha mortalidade masiva que provoque a morte de cando menos 4 animais produtivos para as explotacións de ata 100 animais produtivos, máis 1 animal produtivo por cada centena de máis, considerando que os animais produtivos, aínda que non completen unha centena, contarán como unha centena máis.

II. GARANTÍAS ADICIONAIS

Para complementar as coberturas da garantía básica, poderanse contratar as seguintes garantías adicionais:

1. ACCIDENTES INDIVIDUAIS

Riscos cubertos: morte ou sacrificio necesario por algún dos seguintes eventos:

- Traumatismos músculo-esqueléticos, viscerais ou no aparello circulatorio.
- Afogamento por inmersión.
- Obstrución esofáxica.
- Perforación do tubo dixestivo por inxestión dun corpo extraño.
- Traumatismos no sistema mamario que provoquen hemorraxia aguda mortal.

- En explotacións de réximes cárnicos: mamite traumática e mamite gangrenosa.
- Intoxicación aguda

Ademais dos riscos anteriores, os sementais do réxime de manexo de centros de **reproducción oficialmente autorizados** terán, mentres estean no centro, os seguintes riscos cubertos:

- Sacrificio necesario por lesións agudas, primarias e irreversibles nas extremidades posteriores que impidan realizar a monta.
- Morte ou sacrificio necesario por fractura de pene.
- O custo limitado a 300 € por animal das intervencións cirúrxicas, previamente aceptadas por Agroseguro e practicadas por un veterinario, co obxecto de reducir as consecuencias dun accidente ou enfermidade cubertos pola póliza do seguro.

2. PARTO E CIRURXÍA

Cóbreuse, para as vacas, segundo o período de tempo transcorrido tras un parto levado a termo:

- Desde o parto ata 7 días despois:
 - Para explotacións de réxime lácteo: a morte ou o sacrificio necesario da nai causado por accidente traumático.
 - A morte ou o sacrificio necesario da nai causado por un parto distócico, por requirir a intervención dun veterinario, porque a femia non pode parir por si soa.
 - As lesións traumáticas no aparello locomotor, consecuencia de parto distócico.
 - A morte ou o sacrificio necesario por hemorraxia no parto ou no posparto.
 - A morte ou o sacrificio necesario por hipocalcemia aguda (febre do leite, golpe do leite, febre vitularia).
 - Para asegurados con bonificación: morte da nai, de menos de 72 meses de idade en explotacións de réxime lácteo e de menos de 108 meses de idade en explotacións de réximes cárnicos, calquera que sexa a causa.
- Desde o parto ata 10 días despois:
 - A morte ou o sacrificio necesario por intervención cirúrxica de cesárea.
 - A morte ou o sacrificio necesario por prolapso de matriz: exteriorización completa do útero como consecuencia do parto.
- Desde o parto ata 20 días despois:
 - A morte ou o sacrificio necesario por prolapso de vaxina, consecutiva a un prolapso de matriz, previamente reducido por un veterinario e que xa fose peritado por Agroseguro.

Ademais, cóbrese o reembolso de honorarios, ante factura, que satisfíxese o gandeiro a un veterinario como consecuencia:

- Da intervención facultativa para reducir o prolapso de matriz, cun máximo de 90 euros.
- Da operación cirúrxica de cesárea, cun máximo de 175 euros.

3. MORTE DE CRÍAS

- Para as explotacións neutras ou con bonificación dos réximes lácteo, semiestabulación, extensivo de fácil control, extensivo de difícil control e devesa, cóbrese a morte das crías desde o momento do parto ata 30 días despois.

4. MAMITE

Nas explotacións de réxime lácteo para as vacas de menos de 108 meses, que parisen nos últimos 6 meses ou se encontren xestantes ou teñan unha produción superior a 25 litros/día, cobre:

- O sacrificio económico por:
 - Incontinencia láctea irreversible nun ou máis tetos, ocasionada por un accidente traumático (amputación, separación irreparable ou esmagadura do teto).
 - Mamite séptica con afección inflamatoria clínica do ubre e perda irreversible da función láctea nun ou máis cuarteiróns.
- A morte como consecuencia dunha mamite hiperaguda.

Nas explotacións de réximes cárnicos para as vacas primíparas, ata 6 meses tras o parto, cóbrese:

- A morte por mamite hiperaguda.
- O sacrificio por incapacidade para manter a cría polas secuelas derivadas dunha mamite.

5. ENFERMIDADES

Cobre a morte ou o sacrificio necesario de animais a causa das seguintes enfermidades:

- Úlceras de abomaso (calleiro).
- Úlceras de duodeno.
- Torsión ou invaxinación intestinal.
- Fracaso da intervención cirúrxica para a corrección da dislocación de abomaso con ou sen torsión, ata 10 días despois da intervención.
- Queratoconxuntivite bilateral irreversible con perda total de visión.
- Hemoglobinuria puerperal.
- Tetania hipomagnésica (tetania dos pastos).

- Actinomicose e actinobacilose.
- Anaplasmosse, babesiose e theileriose.

Ademais cóbrese:

- O reembolso polos honorarios da intervención cirúrxica de corrección da torsión ou o desprazamento do abomaso, contra factura, cun máximo de 150 euros.

6. SÍNDROME RESPIRATORIA BOVINA (SRB)

Cóbreanse os animais non produtivos que padezan esta síndrome con signos de patoloxía respiratoria, causada polos virus IBR, PI-3, EM/BVD, AD-3 e VRS, cando lles produza a morte ou un estado tal que requira o seu sacrificio necesario.

7. METEORISMO AGUDO

Cobre a morte por meteorismo agudo, entendido para os efectos do seguro como a acumulación de gas de forma repentina nos dous primeiros compartimentos do estómago do ruminante, e que por presión de órganos vitais provoque a morte de forma inmediata ou, en todo caso, nun prazo inferior ás 48 horas, sempre coa evidencia anatomopatolóxica dunha liña de isquemia no esófago.

8. CARBÚNCULO

Cobre a morte por carbúnculo sintomático (producido polo *Clostridium chauvoei*) ou carbúnculo bacteriano (producido polo *Bacillus anthracis*) de animais vacinados nos 12 meses anteriores ao sinistro.

9. MORTE SÚBITA:

Esta garantía, para asegurados con bonificación que contraten a garantía de enfermidades ou a de parto ou a de accidentes individuais, cobre a morte repentina dun animal, sen signos de procesos infecciosos ou parasitarios ou outras enfermidades, de ata 72 meses de idade, se é de aptitude láctea, ou de ata 108 meses de idade, se é de aptitude cárnica.

10. BROTE DE MAMITE CLÍNICA

Para explotacións de réxime lácteo:

- cunha media xeométrica móbil de recuento de células somáticas (en diante RCS) en tanque inferior a 300.000/ml durante os 3 meses anteriores á contratación,
- cunha media xeométrica móbil de unidades formadoras de colonias (UFC) de leite de tanque deberá ser inferior a 50.000/ml durante os 2 meses anteriores á contratación e
- con ausencia de inhibidores de crecemento en leite de tanque nos 6 meses anteriores á contratación.

Cobre o brote de mamite clínica, entendendo por tal a presentación simultánea nunha explotación dun número de vacas con síntomas de mamite clínica provocada polo mesmo xerme, que supoña polo menos o 1,5 % das reprodutoras (con redondeo ao enteiro inmediatamente inferior), cun mínimo de 6 vacas. Tamén estarán incluídas as afectadas polo mesmo xerme, nos 30 días posteriores á comunicación e comprobación da existencia de brote.

Cando se produza un brote de mamite clínica compensarase:

- Polo sacrificio económico dos animais que resulten afectados e non sexan recuperables.
- Pola perda de produción dos animais afectados, sacrificados e non sacrificados.
- Polos animais que morran pola mamite.

11. DIMINUCCIÓN DA PROLIFICIDADE

Para as explotacións dos réximes cárnicos, cóbrese a diminución da prolificidade da explotación superior ao 15 % durante o período de cobertura do seguro, respecto da obtida nos 12 meses anteriores á contratación da póliza.

Para os efectos do seguro, a prolificidade defínese como a porcentaxe de tenreiros nados na explotación e inscritos no REGA, respecto do número de femias produtivas, nun período de 12 meses. Para o cálculo do censo, sumaranse os censos correspondentes ao día 15 de cada mes e o total dividirase entre 12.

Cando nunha póliza estean incluídas varias explotacións, o cálculo da prolificidade farase polo conxunto de explotacións.

12. PERDA DE CALIDADE DO LEITE

Poderán contratar esta cobertura as explotacións de réxime lácteo que en cada un dos seis meses anteriores á contratación do seguro cumprisen os seguintes requisitos:

- Leite do tanque cun RCS **inferior a 300.000**
- Unidades formadoras de colonias (UFC) cun reconto **inferior a 50.000**
- **Ausencia de inhibidores de crecemento bacteriano**

Estratos asegurables:

En relación cos recontos celulares do leite no tanque, para a contratación desta garantía para os efectos do seguro considéranse os seguintes estratos:

- A) Para este estrato, o RCS en cada un dos seis meses anteriores á contratación deberá ser < 100.000 .
- B) Para este estrato, a media xeométrica móbil trimestral inmediata anterior á data de contratación deberá ser < 150.000 .
- C) Para este estrato, a media xeométrica móbil trimestral inmediata anterior á data de contratación deberá estar incluída no intervalo ≥ 150.000 e < 200.000 .

D) Para este estrato, a media xeométrica móbil trimestral inmediata anterior á data de contratación deberá estar comprendida no intervalo ≥ 200.000 e < 250.000 .

E) Para este estrato, a media xeométrica móbil trimestral inmediata anterior á data de contratación deberá estar incluída no intervalo ≥ 250.000 e < 300.000 .

Esta garantía compensa:

- Polo incremento de RCS na media xeométrica móbil (MXM) mensual do leite do tanque, que supoña un cambio de polo menos dous estratos respecto do estrato contratado, coa valoración prevista no anexo V.
- Polo valor do leite do tanque producido cando menos nunha muxidura completa (e o custo da súa destrución) que resulte non comercial pola presenza de inhibidores.
- Pola penalización económica á explotación, pola empresa receptora do leite, pola detección de inhibidores, cunha indemnización máxima de 4 céntimos por kg producido, limitado a un só mes de entre o período de vixencia do seguro e con presentación de factura.
- Polo valor do leite do tanque que resulte non comercial por elevados niveis de aflatoxinas, así como o custo da súa destrución.

13. MORTALIDADE POR OUTRAS CAUSAS

Para todos os réximes, excepto o lácteo e o de centros de reprodución, cóbrese a morte de animais produtivos e non produtivos, agrupando as coberturas de morte e sacrificio necesario de todas as garantías adicionais.

14. SANEAMENTO GANDEIRO EXTRA

Esta garantía, que inclúe e amplía a do saneamento básico, cobre, para explotacións que contratasen a garantía de saneamento extra no plan anterior e contraten esta liña no prazo de 30 días tras o vencemento da anterior, ou con cualificación T3 e B3 ou mellor, o sacrificio obrigatorio dos animais, decretado e declarado indemnizable pola autoridade competente, polos resultados das probas de saneamento gandeiro, iniciadas no período de vixencia do seguro, das seguintes enfermidades:

- Tuberculose bovina.
- Brucelose bovina.
- Leucose enzoótica bovina.
- Peripneumonía contaxiosa bovina.

(*) As explotacións despoboadas no momento de renovar a póliza, por baleiro sanitario cuberto nesa póliza, poderán renovar nesas mesmas condicións no prazo de 30 días tras a data de incorporación do primeiro animal.

Para esta garantía a data de sinistro será a de inicio das probas na explotación, salvo que houberse unha suspensión ou unha perda de cualificación motivada por unha detección da enfermidade fóra de explotación; nese caso a data será a desa detección.

Ademais, para os réximes lácteo, cárnicos e centros de reprodución compénsase polo tempo en que se impide a restitución dos animais produtivos sacrificados, contado desde a data de sacrificio.

15. PRIVACIÓN DE ACCESO A PASTEIROS

Esta garantía compensa polo maior gasto en alimentación ocasionado no período no que os animais non poidan acceder aos pasteiros que tradicionalmente aproveitan por ordenar a súa inmovilización a autoridade competente a través dos seus servizos oficiais veterinarios tras as probas de SANEAMENTO GANDEIRO para as enfermidades:

- Tuberculose bovina.
- Brucelose bovina.
- Leucose enzoótica bovina.
- Peripneumonía contaxiosa bovina.

Requisitos para acceder a esta garantía:

As explotacións que queiran asegurar esta garantía deberán cumprir:

- a) Para aproveitamento de pasteiros na propia comunidade autónoma
 - Ter a cualificación sanitaria de T3 e B3 ou mellor.
 - Explotacións aseguradas en réxime de difícil control ou devesa.
 - Que poidan probar mediante guía de traslado que aproveitaron pasteiros o ano anterior.

No caso de Asturias, esta esixencia poderase substituír por documentación que probe que percibiu axudas agroambientais por “pastoreo racional en superficies de uso común” o ano anterior.

- b) Para explotacións de réximes cárnicos ou de produción de bois, con aproveitamento de pasteiros noutra comunidade autónoma
 - Ter a cualificación sanitaria de T3 e B3 ou mellor.
 - Que poidan probar mediante guía de traslado que aproveitaron pasteiros noutra comunidade autónoma o ano anterior.

16. RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

Cóbreanse, nos termos previstos neste condicionado, os gastos derivados da retirada, desde un lugar accesible para camiións na entrada da explotación e ata o lugar de destrución, de todos os cadáveres de animais obxecto deste seguro mortos por calquera causa na explotación, incluíndo o custo da súa destrución.

Están cubertos:

- Os gastos derivados da recollida dos cadáveres de animais mortos na explotación por calquera causa e a súa destrución.
- Tamén están cubertos polas garantías do seguro os animais mortos fóra das explotacións aseguradas e nos seguintes supostos:
 - a) Transhumancias, en cuxo caso serán indemnizables os animais mortos en comunidades autónomas nas que exista liña de seguro de retirada e destrución.
 - b) Durante o transporte cara aos matadoiros ou outros lugares de destino, e sempre antes da súa entrada nos currais ou zona de descarga de animais, baixo as seguintes condicións:
 - 1º Débese comunicar o sinistro a Agroseguro ou á empresa xestora, de ser o caso, o mesmo día da descarga dos animais no matadoiro ou outro lugar de destino.
 - 2º A retirada debe realizala, dentro das 24 horas seguintes á comunicación, a empresa xestora correspondente ao asegurado de entre as que operan dentro do sistema de seguros agrarios combinados, e non será válida ningunha outra que poida ter contrato privado co matadoiro.
 - 3º A empresa xestora deberá poder pesar os cadáveres retirados e adxudicarllos á póliza da explotación asegurada da que proceden os animais.
 - 4º O gandeiro deberá poder acreditar, se así lle for requirido por Agroseguro, o certificado oficial do movemento a matadoiro ou outro destino ou calquera outro documento oficialmente aprobado.
 - 5º Deberase cumprir a normativa en materia de protección dos animais durante o seu transporte.
 - c) Estancia en certames ou mercados, sempre que os animais estean identificados individualmente e poidan imputarse á póliza do titular do seguro. Será a xestora autorizada na comunidade autónoma onde se produza a morte do animal a encargada de realizar a retirada. O asegurado poderá elixir libremente a empresa xestora naquelas comunidades autónomas que teñan máis dunha autorizada.
- Tamén están cubertos polas garantías do seguro os sacrificios de animais na explotación decretados pola autoridade por motivos sanitarios.
- Ademais, compensarase contra factura o gasto de material funxible, maquinaria e man de obra precisos para o enterramento *in situ* autorizado pola autoridade competente, por motivos zosanitarios, ata o límite da cantidade maior entre o 20 % do capital asegurado ou 600 euros por enterramento.

Para que proceda a indemnización será condición imprescindible que as circunstancias da destrución dos cadáveres sexan convenientemente acreditadas pola empresa xestora.

3ª – LIMITACIONES E EXCLUSIONES

I. GARANTÍA DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

Quedan expresamente excluídos das garantías deste seguro:

- Os sacrificios decretados pola autoridade como consecuencia de probas diagnósticas iniciadas antes da toma de efecto do seguro.
- Os animais que cheguen aos matadoiros mortos ou sexan sometidos a un sacrificio de urxencia en matadoiro, e cuxo transporte a este incumpra a normativa en materia de protección dos animais durante o seu transporte. Estes feitos serán documentados polos servizos veterinarios oficiais do matadoiro.

II. RESTO DE GARANTÍAS

Ademais das exclusións previstas na condición cuarta das condicións xerais, quedan excluídos de todas as garantías:

- Os sinistros nos que o técnico designado por Agroseguro non poida efectuar o exame dos animais ou dos seus restos na explotación ou no matadoiro (por causas non imputables ao devandito técnico ou a Agroseguro).

Exceptúanse:

- Os casos nos que exista un pacto expreso previo ante comunicacións de sinistro.
- Os casos en que se impida a entrada á explotación por restricións sanitarias decretadas oficialmente.
- As consecuencias das intervencións non realizadas por un veterinario.
- Os animais produtivos ou non produtivos non identificados ou non correctamente inscritos no libro de rexistro de explotación.
- Os animais desnutridos ou caquéticos.

III. LIMITACIONES E EXCLUSIONES POR GARANTÍAS

A) ACCIDENTES INDIVIDUAIS

- Nas intoxicacións, os animais deberán ser atendidos por un veterinario, quen deberá especificar e certificar, por instancia do asegurado, mediante un informe veterinario, as probas diagnósticas de laboratorio e os tratamentos realizados.
- En explotacións lácteas: Exclúense desta garantía os accidentes traumáticos en animais de parto e ata 7 días despois.

B) PARTO

Exclusións:

- Os animais aos que non se lles prestou a asistencia veterinaria debida, ante a presentación dun parto distócico, salvo casos debidamente xustificados.
- As vacas de menos de 24 meses en razas lácteas e menos de 29 meses en razas cárnicas, salvo cando teñan nivelación dos incisivos centrais definitivos, a alzada dun adulto ou alcancen as tres cuartas partes do peso dun adulto.
- As primíparas cubertas con sementais de raza asturiana dos vales ou rubia galega cando elas non sexan da mesma raza que o semental.
- As primíparas mestizas cruzamento de razas branco azul belga, charolesa, asturiana dos vales ou rubia galega, preñadas cun semental desa mesma raza.

C) METEORISMO

Nos réximes extensivos e de devesa só estarán cubertos os sinistros que se produzan mentres os animais estean confinados.

Quedan excluídos os animais con meteorismo crónico.

D) SANEAMENTO GANDEIRO EXTRA

A compensación máxima polo tempo no que non se poidan introducir animais tras o sacrificio será a correspondente a 17 semanas para cada animal adulto sacrificado, que comezarán a contar desde a data do seu sacrificio.

Non terán cobertura as explotacións afectadas por probas de saneamento iniciadas con data anterior á da toma de efecto do seguro.

E) PRIVACIÓN DE ACCESO A PASTEIROS

- O período máximo indemnizable é de 10 semanas.
- Indemnización semanal máxima do 0,4 % do valor unitario asegurado dos animais.
- Non estará cuberta a privación de accesos a pasteiros desde o 1 de novembro ao 30 de abril nas comunidades autónomas de Asturias e Cantabria.
- Non terán cobertura as explotacións afectadas por probas de saneamento iniciadas con data anterior á da entrada en vigor do seguro.

F) MORTE SÚBITA

Non se indemnizarán as mortes de varios animais como consecuencia de brotes. Para os efectos do seguro, entenderase por brote a morte de máis do 6 % dos animais reprodutores asegurados, en similares circunstancias, nun período de 15 días.

G) BROTE DE MAMITE

A garantía de brote de mamite clínica extinguirase co primeiro brote comunicado e comprobado, polo que só se cubrirá un brote por explotación.

A garantía, unha vez extinguida, poderase renovar polo período restante, co pagamento da prima correspondente.

Exclusións:

- **Os animais que fixesen 108 meses.**
- **Os animais que non se encontren xestantes seis meses despois do último parto. Exceptúanse as reprodutoras cuxa produción de leite no momento do sinistro, acreditada co control leiteiro oficial, fose superior a 25 litros/día.**

H) MORTALIDADE POR DIVERSAS CAUSAS

Esta garantía é incompatible con todas as garantías adicionais, excepto as de saneamento, privación de acceso a pasteiros, morte de crías, diminución da prolificidade e mamite.

Exclusións:

- **As enfermidades da lista de enfermidades comúns a varias especies ou da lista de enfermidades bovinas, de declaración obrigatoria á OIE, salvo carbúnculos, enterotoxemia e rinotraqueíte infecciosa bovina.**
- **Procesos parasitarios excepto por anaplasmas, babesias e theilerias.**
- **As mortes que resultasen indemnizadas pola garantía básica.**

I) DIMINUCIÓN DA PROLIFICIDADE

Excluirase desta garantía a diminución de prolificidade debida ao baleiro sanitario ou mortalidade masiva.

J) Á GARANTÍA DE PERDA DE CALIDADE DO LEITE

As explotacións cuxa MXM durante tres meses consecutivos supere 400.000 células somáticas/ml quedarán sen coberturas o mes ou meses consecutivos posteriores en que non baixen da devandita cifra.

A indemnización pola eliminación do leite do tanque con inhibidores e a penalización pola detección de inhibidores limitarase en ambos os casos a unha soa vez en todo o período de garantías.

A compensación polo custo da destrución de leite limitarase a 24 céntimos por litro, con presentación de factura.

O número de meses indemnizables máximos durante o período de cobertura será de 6.

O período máximo de indemnización por aflatoxinas será de 7 días consecutivos.

4ª – PERÍODO DE GARANTÍAS

As garantías iníciáanse coa toma de efecto, unha vez finalizado o período de carencia, e rematarán ás cero horas do día no que faga un ano, contado desde a data de entrada en vigor do seguro e, en todo caso:

- Para a garantía adicional de retirada e destrución de cadáveres:
 - Coa baixa do animal no RIIA.
- Para a garantía básica e o resto de garantías adicionais:
 - Coa venda, morte ou sacrificio non amparados.

As modificacións de capital vencerán o mesmo día no que se produza o vencemento da declaración de seguro inicial.

5ª – ELECCIÓN DE GARANTÍAS

O asegurado poderá engadir á contratación da garantía básica a contratación de garantías adicionais segundo se describe no anexo I

- Deberá, dentro da garantía básica, se a súa cualificación de saneamento é T2 negativo e B2 negativo ou mellor cualificación, escoller obrigatoriamente a garantía de saneamento básico.
- Ademais da garantía básica poderá escoller as garantías adicionais que estime oportuno, segundo o réxime de manexo da explotación, pero:
 - Para contratar a garantía de privación de acceso a pasteiros deberá tamén contratar o saneamento extra.
 - Para contratar a garantía de morte súbita deberá contratar a de enfermidades, a de accidentes individuais ou a de parto e cirurxía e ter bonificación.
 - A contratación da garantía de mortalidade por diversas causas é incompatible con todas as garantías adicionais, excepto a de saneamento extra, a de privación de acceso a pasteiros, a de diminución da prolificidade, a de morte de crías e a de mamite.
Esta garantía poderase elixir con franquía de danos do 30 % ou do 50 %.
 - Para contratar a garantía de diminución da prolificidade, deberá tamén contratar a de morte de crías.
 - As garantías de mamite e brote de mamite son incompatibles entre si.

No caso de varias explotacións incluídas nunha póliza, a elección de garantías farase por póliza (conxunto de explotacións).

Non poderán elixir a garantía adicional de retirada e destrución os asegurados que teñan outras explotacións con gando vacún non asegurables nesta liña. Poderán asegurarse na liña específica de retirada e destrución (liña 415).

Capítulo III: BENS ASEGURABLES

6ª – ÁMBITO DE APLICACIÓN

I. GARANTÍA DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

O ámbito de aplicación esténdese a todas as explotacións asegurables das comunidades autónomas de ANDALUCÍA, ASTURIAS, ARAGÓN, BALEARES (MENORCA), CANARIAS, CANTABRIA, CATALUÑA, CASTELA E LEÓN, CASTELA-A MANCHA, ESTREMADURA, GALICIA, MADRID, MURCIA, NAVARRA, A RIOXA e COMUNIDADE VALENCIANA.

Están excluídos os sinistros acontecidos fóra do ámbito de aplicación do seguro, agás no caso das transhumancias, estancias en certames ou mercados, e os garantidos en transporte ao matadoiro segundo a condición segunda.

II. RESTO DE GARANTÍAS

O ámbito de aplicación esténdese a todas as explotacións asegurables do territorio nacional.

Os animais asegurados están amparados en todo o ámbito de aplicación do seguro, tanto no domicilio da explotación como fóra dela, para o que poderá solicitarse acreditación mediante os documentos oficiais pertinentes.

Excepcionalmente, consideraranse dentro do ámbito do seguro as explotacións que, situadas en zonas de fronteira, tradicionalmente aproveitan pasteiros con límites fóra do territorio nacional. Os animais destas explotacións estarán cubertos aínda cando se atopen neses pasteiros.

7ª – TITULAR DO SEGURO

Poderá ser o titular do seguro quen figure no REGA como titular do código da explotación ou dunha subexplotación dese código REGA. Igualmente, poderá ser titular da póliza toda persoa física ou xurídica que, tendo interese no ben asegurable, figure nalgún apartado do devandito código REGA ou no Rexistro Individual de Identificación Animal (RIIA).

Non poderán asegurar os tratantes ou operadores comerciais.

8ª – EXPLOTACIÓNS ASEGURABLES

Serán asegurables todas as explotacións de gando vacún de reprodución e produción que:

- Están rexistradas no REGA, polo que teñen asignado un código, que deberá figurar na declaración de seguro.
- Identifican individualmente as súas reses vacúas e rexístranas no libro de rexistro de explotación, que deben manter actualizado e dilixenciado.

As explotacións que aseguren animais de alto valor xenético deberán:

- Cumprir a normativa zootécnica específica sobre selección e mellora xenética animal.
- Posuír certificación da asociación de gandeiros oficialmente recoñecida para a xestión do libro xenealóxico respectivo, que acredite o seguinte:
 - A inscrición dos animais no libro xenealóxico e rexistro no que se encontra.
 - A cualificación de cada un dos animais.
 - O valor xenético dos animais, se o houberse, con expresión da súa fiabilidade.
 - A participación da gandería nas actuacións do Programa de mellora da raza, coa identificación individual dos animais participantes, excepto os centros de reprodución oficialmente autorizados que poden ter animais non participantes en programa de mellora.

Considerarase como domicilio da explotación o que figure no libro de rexistro de explotación, que deberá coincidir co do REGA.

As explotacións obxecto de aseguramento xestionadas por un mesmo gandeiro ou explotadas en común por entidades asociativas agrarias (sociedades agrarias de transformación, cooperativas, etc.), sociedades mercantís (sociedade anónima, limitada, etc.) e comunidades de bens deberán incluírse obrigatoriamente nunha única declaración de seguro.

Explotacións non asegurables:

- **Os matadoiros.**
- **As explotacións de autoconsumo.**
- **As explotacións de experimentación ou ensaio.**
- **As explotacións de tratantes.**
- **As explotacións de gando de lida.**
- **Núcleos zoolóxicos.**

RÉXIMES

Para os efectos do seguro e para o pagamento da prima considéranse os seguintes réximes:

- a) Réxime lácteo.
- b) Réximes cárnicos.
 - a. Réxime de semiestabulación.
 - b. Réxime de devesa.
 - c. Réxime extensivo de fácil control.
 - d. Réxime extensivo de pastoreo estacional e difícil control.
- c) Réxime de produción de bois.

- d) Réxime de centros de recría de xovencas.
- e) Réxime de centros de reprodución oficialmente autorizados.

O réxime declarado polo asegurado é único para cada explotación e non poderá variarlo durante o período de vixencia da póliza, salvo que se comprobase en peritaxe ou inspección que non é o correcto. Terase entón ata 5 días tras a comunicación para corrixilo. Tamén se poderá modificar cando se trate de explotacións de réxime lácteo que abandonen a produción de leite.

Para os efectos do seguro considéranse explotacións distintas as que teñen código REGA distinto, e dentro dun mesmo código as que aplican un réxime diferente a un grupo de animais, aínda que utilicen as mesmas instalacións. Para as explotacións con animais de aptitude cárnica, deberase escoller un único réxime por código REGA, que será o correspondente aos animais produtivos.

GRUPOS DE RAZAS

Distínguense, para os efectos do seguro, os seguintes grupos de razas:

- Dentro das explotacións de réxime lácteo non se fai distinción de razas no seguro.
- Para o resto de explotacións
 1. Razas de excelente conformación I:

Cando polo menos o 70 % dos seus animais produtivos pertenza a algunha raza das seguintes: asturiana dos vales e rubia galega.
 2. Razas de excelente conformación II:

Cando polo menos o 70 % dos seus animais produtivos pertenza ao grupo anterior ou algunha das razas seguintes: aberdeen angus, branco azul belga, blonda de Aquitania, charolesa, fleckvieh, gascoa, hereford, limusín, pirenaica, salers, shorthorn, as mestizas con sangue unicamente destas razas e do grupo anterior e outras razas foráneas non incluídas que, tras consulta, acepte ENESA.
 3. Razas especializadas:

Unha explotación considerárase de raza especializada cando polo menos o 70 % dos seus animais produtivos pertence a razas do grupo anterior ou a algunha das seguintes: asturiana da montaña, avileña negra ibérica, bruna dos Pireneos, morucha, parda alpina, parda de montaña, retinta, tudanca, as razas estranxeiras de carne non incluídas no grupo anterior e as mestizas con sangue unicamente deste grupo e do anterior, e outras razas foráneas non incluídas que, tras consulta, acepte ENESA.

- Ademais dos grupos anteriores nos centros de reprodución poderá haber sementais dos seguintes grupos de razas en perigo de extinción:

Razas de dobre aptitude: fleckvieh e parda alpina.

Razas en perigo de extinción: albera, alistana-sanabresa, asturiana da montaña, avileña-negra ibérica (variedade bocibranca), berrenda en colorado, berrenda en negro, betizu, branca cacereña, bruna dos Pireneos, cachena, caldelá, canaria, cárdena andaluza, frieiresa, limiá, mallorquina, marismeña, menorquina, monchina, morucha (variedade negra), murciana-levantina, negra andaluza, pajuna, palmera, pasiega, sayaguesa, serrana negra, serrana de Teruel, terreña e vianesa.

4. Raza resto:

As explotacións de réximes cárnicos e as explotacións de produción de bois cuxos animais non quedan incluídos nun dos grupos anteriores consideraranse, para os efectos do seguro, como de raza resto.

Os bisontes e os búfalos non se diferencian por razas para os efectos do seguro.

EXPLOTACIÓN DE RAZA PURA

Unha explotación poderá opcionalmente asegurarse como de raza pura cando polo menos o 70 % dos seus animais produtivos teña carta xenealóxica emitida por unha asociación oficialmente recoñecida para facelo. Admítense as cartas xenealóxicas expedidas polos organismos competentes dos terceiros países autorizados segundo a normativa en vigor.

EXPLOTACIÓN EN CONTROL LEITEIRO OFICIAL (CLO):

Unha explotación de réxime lácteo que cumpra os requisitos de raza pura poderá opcionalmente asegurarse como en control leiteiro oficial cando polo menos o 70 % das súas vacas estean sometidas a control leiteiro oficial.

EXPLOTACIÓN DE ALTA VALORACIÓN XENÉTICA

Poderán asegurarse como tales as explotacións que cumpran cos requisitos do grupo anterior e consideradas por CONAFE cos 200 mellores índices combinados (ICO) na avaliación xenética anterior á entrada en vigor do seguro. Nese caso todos os seus animais se considerarán de alta valoración xenética.

EXPLOTACION DE ALTA PRODUCCIÓN

Poderán asegurarse como de alta produción as explotacións de aptitude láctea que teñan unha produción anual media por animal superior a 10.000 kg.

Ademais as explotacións de alta produción cunha produción anual media por animal maior de 12.000 kg poderán asegurar os seus animais a un valor unitario superior.

Cálculo da produción de leite: leite entregado nos 12 meses anteriores a contratar, dividido polo número de crías rexistradas neses 12 meses.

EXPLOTACIÓN DE PRODUCCIÓN ECOLÓXICA

Poderán asegurarse opcionalmente como ganderías ecolóxicas as explotacións así rexistradas, segundo as normas vixentes. Deberán estar sometidas aos controis que as certifiquen como tales, efectuados pola autoridade ou organismo de control de agricultura ecolóxica oficialmente recoñecido pola comunidade autónoma onde estea a explotación, así como dispoñer do plan de xestión de alimentación do gando e dun libro de control sanitario debidamente actualizado e dilixenciado.

EXPLOTACIÓN INSCRITA NUNHA INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA

Poderán asegurarse opcionalmente as explotacións amparadas baixo a denominación de calidade "indicación xeográfica protexida" (IXP), cuxo titular sexa un operador inscrito no rexistro dunha IXP con rexistro comunitario, e sometidas aos controis de verificación do prego de condicións que as certifiquen como tales.

9ª – ANIMAIS ASEGURADOS

Requisitos necesarios para que un animal estea asegurado:

- Estar identificado individualmente mediante o sistema de identificación e rexistro dos animais que establece o Real decreto 1980/1998, con marcas auriculares e, de ser o caso, co documento de identificación de bovinos.

Quedan excluídos das marcas auriculares os animais menores de 6 meses, sempre e cando cumpran cos requisitos establecidos pola Decisión da Comisión 2006/28/CE, relativa á ampliación do prazo máximo para a colocación de marcas auriculares en determinados animais da especie bovina. As explotacións que se acollan a esta excepción deberán estar autorizadas pola autoridade competente.

- Constar nas bases de datos informatizadas do sistema de rexistros gandeiros (SITRAN) e estar inscrito no libro de rexistro de explotación, de acordo co establecido no Real decreto 1980/1998.
- Ademais, os animais de alta valoración xenética deberán figurar adecuadamente inscritos, individualmente identificados e validados como animais participantes no esquema de selección e no certificado oficial da súa raza (excepto os sementais en proceso de avaliación dos centros de reprodución).

TIPOS DE ANIMAIS

A) RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

En cada explotación considérase un só tipo de animal por réxime que inclúe todos os animais asegurables que pertencen a el.

B) RESTO DE GARANTÍAS

Para os efectos do seguro considéranse os seguintes tipo de animais:

B1) Animais produtivos

1. **REPRODUTORAS:** Femias iguais ou maiores de 17 meses en explotacións de réxime lácteo, ou iguais ou maiores de 22 meses en explotacións de réximes cárnicos, preñadas ou co sistema mamario desenvolvido.

As explotacións lácteas que posúan algún semental aseguraranos como unha reprodutora máis.

2. **REPRODUTORAS DE ALTO VALOR XENÉTICO:** Poderán asegurarse opcionalmente como tales:

- Nas explotacións de réxime lácteo: femias iguais ou maiores de 24 meses, cun percentil maior ou igual ao 90 % da última avaliación xenética publicada por CONAFE no momento da contratación. As femias de entre 17 e 30 meses de idade que non tivesen a lactación necesaria para a obtención do “índice combinado” (ICO) poderán asegurarse se o seu “índice de pedigree” que figura no “informe de índices xenéticos” elaborado por CONAFE é maior ou igual ao 90 %.

As razas fleckvieh e parda, ademais de estaren en control oficial leiteiro deberán ter unha cualificación morfolóxica igual ou superior a moi boa, sempre e cando en todos os casos sexa posible a constatación clínica de que estean en estado de xestación (preñadas) ou co sistema mamario desenvolvido.

- En explotacións de réximes cárnicos: As femias iguais ou maiores de 24 meses, cualificadas pola asociación de gandeiros oficialmente recoñecida para a xestión do libro xenealóxico da raza como moi boa ou mellor cualificación, sempre e cando en todos os casos sexa posible a constatación clínica de que estean en estado de xestación (preñadas) ou co sistema mamario desenvolvido.

3. **SEMENTAIS:** Machos destinados á monta natural que presenten, como mínimo, a nivelación de dous dentes incisivos permanentes ou que teñan polo menos 24 meses de idade. Deben ser manexados de acordo co seu fin e o seu número debe estar acorde coa dimensión da explotación.
4. **SEMENTAIS CON CARTA:** Poderán opcionalmente asegurarse como tal os sementais de raza pura con carta xenealóxica emitida pola asociación oficialmente recoñecida da raza á que pertencen.

5. **SEMENTAIS MELLORANTES:** Machos que teñan proba positiva de descendencia, sexan iguais ou maiores de 60 meses de idade e estean localizados e depositados en centros de reprodución oficialmente autorizados. A asociación ou organización oficialmente recoñecida da raza da que se trate deberá ter coñecemento disto.

No caso da raza frisoa, serán os 50 mellores touros españois que a Confederación de Asociacións de Frisoa Española (CONAFE) teña inscritos no último catálogo de sementais oficial da raza que estea publicado no momento da contratación.

No resto de razas, deberán estar inscritos no Catálogo oficial de sementais da raza.

6. **SEMENTAIS EN PROCESO DE AVALIACIÓN:** Machos iguais ou maiores de 15 meses de idade, localizados e depositados en centros de reprodución oficialmente autorizados e que non contén con avaliación xenética de descendencia finalizada. Tal condición perderase, independentemente da idade, cando a asociación ou organización oficialmente recoñecida considere concluída esta avaliación.
7. **BOIS VELLÓS:** Machos castrados de 22 ou máis meses e de 84 ou menos meses, pertencentes a explotacións produtoras de bois.
8. **XOVENCAS:** Femias de centros de recría de polo menos 17 meses de idade e de 36 meses como idade límite, sempre que sexa posible a constatación clínica de que se encontran en estado de xestación (preñadas) ou co sistema mamario desenvolvido.

Nos centros de recría excepcionalmente poderá haber femias que superen a idade de 36 meses.

B2) Animais non produtivos

9. **RECRÍAS:**
- Animais maiores dun mes de idade, sen as características ou a idade dun animal produtivo.
10. **RECRÍA DE ALTO VALOR XENÉTICO:**
- En explotacións de réxime lácteo: femias frisoas maiores de 1 mes e menores de 17 meses cun “valor xenómico” correspondente a un percentil do 90 % ou superior, obtido a partir de análises xenéticas (SPN) por CONAFE, ou con “índice de pedigree” que figura no “informe de índices xenéticos” elaborado por CONAFE maior ou igual ao 90 %.
11. **BOIS NOVOS:** Machos castrados de menos de 22 meses que pertencen a explotacións produtoras de bois.
12. **TENREIRAS:** Femias de centros de recría de polo menos 2 meses de idade e sen as características dun animal adulto.

10ª – CLASE DE EXPLOTACIÓN

Para os efectos do establecido no artigo 4 do Regulamento para a aplicación da Lei 87/1978 sobre seguros agrarios combinados, considéranse clase única todas as explotacións asegurables nesta liña de gando vacún.

O titular da explotación ou subexplotación que decida asegurar unha das súas explotacións queda obrigado a asegurar todas as da mesma clase que posúa no ámbito de aplicación deste seguro nunha única declaración de seguro.

Capítulo IV: CONDICIÓN DE ASEGURAMENTO

11ª – PERÍODO DE SUBSCRICIÓN

O tomador ou o asegurado deberá subscribir o seguro nos prazos establecidos polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

Carecerá de validez e non producirá efecto ningún a declaración que fose subscrita fóra destes períodos.

12ª – VALOR UNITARIO

I. RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

O valor unitario, para os efectos do cálculo do capital asegurado e o pagamento da prima, obterase de multiplicar o peso de subproduto de referencia en quilos establecido polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para cada grupo de raza, tipo de animal (onde proceda), polo prezo en €/quilo que corresponda, segundo o comunicado polas comunidades autónomas e Agroseguro ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

II. RESTO DE GARANTÍAS

Para os efectos do seguro, o valor unitario para aplicarles aos animais asegurados, valor do leite, pagamento de prima e importe de indemnizacións serán únicos por tipo de animais asegurables. Serán fixados polo asegurado dentro dos límites establecidos para estes efectos polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

Todos os animais da explotación terán que asegurarse na mesma porcentaxe respecto do valor unitario máximo que para cada tipo establece ENESA.

13ª - NÚMERO DE ANIMAIS E PRODUCCIÓN DE LEITE

I. RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

O asegurado declarará o censo que comporará, durante o período de cobertura, cada unha das súas explotacións, tendo en conta os inscritos no RIIA, que deberá coincidir co libro de rexistro de explotación. **En ningún caso o número declarado poderá ser inferior ao censo real no momento da contratación que apareza no RIIA.**

Nas explotacións de carne extensivas con parideira estacional, nas que a recría non destinada a reposición se venda antes de facer 7 meses de idade, o número de animais que deben declararse será o dos reprodutores máis un 45 % de recría, e engadiranse os incorporados nados fóra da explotación.

II. RESTO DE GARANTÍAS

Ao subscribir o seguro, o asegurado declarará, co mínimo dos animais que nese momento posúa, o número de reses de cada tipo que habitualmente pertencen a cada unha das súas explotacións, tendo en conta os inscritos no libro de rexistro de explotación.

Para a garantía de perda de calidade do leite declarará o volume de leite en toneladas producido o ano anterior ou o que vaia a producir no período de vixencia do seguro e non se poderá variar no período de garantías.

14ª – BONIFICACIÓNS E RECARGAS

Aos asegurados ou explotacións aplicaráselles unha bonificación ou unha recarga na prima, na contía e cos requisitos que se establecen a continuación.

I. GARANTÍA BÁSICA

Esta garantía non terá bonificación nin recarga.

II. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

A cada asegurado aplicaráselle unha bonificación ou unha recarga, baseándo se na seguinte información desta garantía, procedente da súa contratación tanto dos seguros de retirada e destrución coma dos seguros nos que se contratase esta garantía como adicional:

- Número de plans contratados no período dos tres plans anteriores.
- Primas de risco recargadas netas de reaseguro do Consorcio, no período dos tres plans anteriores. Para o último dos tres plans tomaranse 8/12 da prima.
- Indemnizacións correspondentes ao período dos tres plans anteriores. Para o último dos tres plans tomaranse as indemnizacións dos 8 primeiros meses desde a entrada en vigor da declaración do seguro.
- I/Prr (%): cociente entre as indemnizacións respecto das primas de risco recargadas netas de reaseguro do Consorcio, especificadas nos dous apartados anteriores.

A) Asegurados que contrataron 2 ou 3 plans dos 3 últimos

I/Prr (%)							
≤ 55 %	>55 % a 75 %	>75 % a 110 %	>110 % a 120 %	>120 % a 130 %	>130 % a 145 %	>145 % a 160 %	> 160 %
Bonif. 20 %	Bonif. 10 %	Neutro 0 %	Recar. 10 %	Recar. 20 %	Recar. 30 %	Recar. 40 %	Recar. 50 %

Non obstante, para os asegurados contratasen os tres últimos plans e teñan en cada un deles unha ratio superior ao 150 %, as porcentaxes de recarga para aplicar serán as seguintes:

- Se a ratio acumulada dos tres plans é $>160\%$ e $\leq 175\%$: aplicarase unha recarga do 75 %.
- Se a ratio acumulada dos tres plans é $>175\%$ e $\leq 200\%$: aplicarase unha recarga do 100 %.
- Se a ratio acumulada dos tres plans é $>200\%$ e $\leq 225\%$: aplicarase unha recarga do 125 %.
- Se a ratio acumulada dos tres plans é $>225\%$: aplicarase unha recarga do 150 %.

B) Asegurados que contrataron un só plan dos 3 últimos

	I/Prr (%)				
	$\leq 30\%$	$> 30\%$ a 55%	$> 55\%$ a 130%	$> 130\%$ a 160%	$> 160\%$
Bonificación ou recarga	Bonif. 20 %	Bonif. 10 %	Neutro 0 %	Recar. 10 %	Recar. 20 %

C) Asegurados con ningún plan contratado dos 3 últimos

Non se aplicarán bonificacións nin recargas.

Unha vez calculada a bonificación e recarga segundo o establecido nos tres apartados anteriores, a medida que se asignará limitarase a un cambio de estrato de bonificación ou recarga, que será o superior ou inferior con respecto ao que tivese asignado no anterior plan, salvo para os casos especificados no apartado A) de asegurados que contraten os tres últimos plans e teñan en cada un deles un ratio superior ao 150 %, aos que non se aplicará esta limitación de cambio de estrato. Para todos estes efectos, os asegurados de bovino que tivesen no plan anterior unha recarga do 25 %, considerarase como unha recarga do 20 %.

III. RESTO DE GARANTÍAS ADICIONAIS

A cada asegurado aplicaráselle unha bonificación ou recarga, baseándose na seguinte información, procedente da súa contratación:

- Información dos seguintes seguros: vacún de reprodución e produción (liña 401), vacún reprodutor e recría (liña 102), vacún de alta valoración xenética (liña 136) e vacún reprodutor carne (liña 185).

- As series de información dos últimos plans dos seguros segundo se especifica no seguinte cadro:

	Último plan	Penúltimo plan	Penúltimo plan menos un	Penúltimo plan menos dous
Asegurados que no Plan 2016 contrataron algunha das liñas: 102, 136, 185	Plan 2016: liña 401	Plan 2016: liñas 102, 136, 185	Plan 2015: liñas 102, 136, 185	Plan 2014: liñas 102, 136, 185
Asegurados que no Plan 2016 non contrataron ningunha das liñas: 102, 136, 185	Plan 2016: liña 401	Plan 2015: liñas 102, 136, 185	Plan 2014: liñas 102, 136, 185	Plan 2013: liñas 102, 136, 185

- Primas de risco recargadas netas de reaseguro do Consorcio de todas as coberturas contratadas, excepto a de retirada e destrución, nos plans e seguros especificados anteriormente.
- Indemnizacións aboadas de todas as coberturas contratadas, excepto a de retirada e destrución, nos plans e seguros especificados anteriormente.
- I/Prr (%): Cociente entre as indemnizacións respecto das primas de risco recargadas netas de reaseguro do Consorcio, especificadas nos dous apartados anteriores.

En función dos plans contratados aplicarase unha bonificación ou recarga, segundo se especifica a continuación:

Plans contratados				Bonificacións e recargas
Último	Penúltimo	Penúltimo menos un	Penúltimo menos dous	
Si	Si	Indiferente	Indiferente	Táboa I
Si	Non	Non	Si	
Si	Non	Si	Indiferente	
Si	Non	Non	Non	Táboa II
Non	Si	Indiferente	Indiferente	Manténselles a medida obtida tras o último plan contratado
Non	Non	Si	Indiferente	
Non	Non	Non	Indiferente	Neutros: non se aplicarán bonificación nin recarga

Táboa I

Condición anterior	I/Prr (%)							
	≤ 30 %	>30 % a 50 %	>50 % a 65 %	>65 % a 85 %	>85 % a 105 %	>105 % a 120 %	>120 % a 150 %	> 150 %
Bonif. 50 %	Bonif. 50 %	Bonif. 50 %	Bonif. 50 %	Bonif. 50 %	Bonif. 40 %	Bonif. 30 %	Bonif. 20 %	Bonif. 10 %
Bonif. 40%	Bonif. 50 %	Bonif. 50 %	Bonif. 50 %	Bonif. 40 %	Bonif. 30 %	Bonif. 20 %	Bonif. 10 %	NEUTRO
Bonif. 30%	Bonif. 50 %	Bonif. 50 %	Bonif. 40%	Bonif. 30 %	Bonif. 20 %	Bonif. 10 %	NEUTRO	NEUTRO
Bonif. 20%	Bonif. 40 %	Bonif. 40 %	Bonif. 30 %	Bonif. 20 %	Bonif. 10 %	NEUTRO	Recar. 10 %	Recar. 20 %
Bonif. 10%	Bonif. 30 %	Bonif. 30 %	Bonif. 20 %	Bonif. 10 %	NEUTRO	Recar. 10 %	Recar. 20 %	Recar. 30 %
Neutro 0 %	Bonif. 20 %	Bonif. 20 %	Bonif. 10 %	NEUTRO	Recar. 10 %	Recar. 20 %	Recar. 30 %	Recar. 50 %
Recar. 10 %	Bonif. 10 %	Bonif. 10 %	NEUTRO	Recar. 10 %	Recar. 20 %	Recar. 30 %	Recar. 50 %	Recar. 75 %
Recar. 20%	NEUTRO	NEUTRO	Recar. 10 %	Recar. 20 %	Recar. 30 %	Recar. 50 %	Recar. 75 %	Recar. 100 %
Recar. 30%	NEUTRO	Recar. 10 %	Recar. 20 %	Recar. 30 %	Recar. 50 %	Recar. 75 %	Recar. 100 %	Recar. 150 %
Recar. 50%	Recar. 10 %	Recar. 20 %	Recar. 30 %	Recar. 50 %	Recar. 75 %	Recar. 100 %	Recar. 150 %	Recar. 150 %
Recar. 75%	Recar. 20 %	Recar. 30 %	Recar. 50 %	Recar. 75 %	Recar. 100 %	Recar. 150 %	Recar. 150 %	Recar. 150 %
Recar. 100 %	Recar. 30 %	Recar. 50 %	Recar. 75 %	Recar. 100 %	Recar. 150 %	Recar. 150 %	Recar. 150 %	Recar. 150 %
Recar. 150%	Recar. 50 %	Recar. 75 %	Recar. 100 %	Recar. 150 %	Recar. 150 %	Recar. 150 %	Recar. 150 %	Recar. 150 %

A ratio de I/Prr (%) se calculará a partir de:

- Primas de risco recargadas netas de reaseguro do Consorcio do último plan.
- Indemnizacións aboadas nos 8 primeiros meses desde a entrada en vigor da declaración de seguro do último plan, máis as indemnizacións percibidas polas pólizas contratadas desde catro meses antes do vencemento da última contratada no anterior plan asegurado.

Táboa II

I/Prr (%)							
≤ 30 %	>30 % a 50 %	>50 % a 65 %	>65 % a 85 %	>85 % a 105 %	>105 % a 120 %	>120 % a 150 %	> 150 %
Bonif. 20%	Bonif. 10%	NEUTRO	NEUTRO	Recar. 20%	Recar. 30%	Recar. 50%	Recar. 50%

A ratio de I/Prr (%) calcularase a partir de:

- Primas de risco recargadas netas de reaseguro do Consorcio no último plan, tomando 8/12 da dita prima.
- Indemnizacións aboadas nos 8 primeiros meses desde a entrada en vigor da declaración de seguro do último plan.

15ª – CONDICIÓN TÉCNICAS MÍNIMAS DE EXPLOTACIÓN E MANEXO

Serán as establecidas polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, ademais das esixibles en cumprimento do Real decreto 2611/1996 polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, así como as de protección dos animais do Real decreto 348/2000, e calquera outra norma sanitaria estatal ou autonómica en vigor que afecte as enfermidades amparadas polo seguro.

No caso de deficiencia no cumprimento das condicións técnicas mínimas de explotación e manexo, o asegurador poderá reducir a indemnización en proporción á importancia dos danos que dela deriven e ao grao de culpa do asegurado.

No caso do incumprimento grave das condicións técnicas mínimas de explotación e manexo, o asegurado incorrerá en causa de suspensión de garantías, o que suporá a perda do dereito a indemnizacións para a súa explotación mentres non se corrixan esas deficiencias.

Do mesmo xeito, se o asegurado ou asegurados impiden o acceso á explotación e á documentación precisa, na inspección de comprobación do cumprimento das condicións técnicas mínimas, isto terá como consecuencia a perda do dereito ás indemnizacións da explotación afectada, ata que non se verifique o seu cumprimento.

A reiteración de sinistros por unha mesma causa implicará a adopción das medidas de manexo necesarias para previr o seu acontecemento. Agroseguro comunicará a perda do dereito ás indemnizacións da explotación afectada se, unha vez notificadas, o asegurado non procede á súa inmediata aplicación.

16ª – PAGAMENTO DA PRIMA

O pagamento da prima única poderá efectuarse dalgunha das dúas formas seguintes segundo a modalidade do seguro elixida polo asegurado.

1. SEGURO NON RENOVABLE

A) Pagamento ao contado

O pagamento realizarao o tomador do seguro, no período de subscrición establecido mediante un ingreso directo ou transferencia bancaria a favor da conta de Agroseguro, aberta na entidade de crédito que Agroseguro estableza no momento da contratación.

A data de pagamento da prima será a que figure no xustificante bancario como data do ingreso directo ou data da transferencia. A copia deste xustificante deberase remitir a Agroseguro cando sexa requirido.

Para estes efectos, en ningún caso se entenderá realizado o pagamento cando este se lle efectúe directamente ao mediador de seguros.

Para estes efectos, enténdese por data da transferencia a de recepción na entidade de crédito da orde de transferencia, sempre que entre esta e a data na que a orde efectivamente se cursase ou executase non medie máis dun día hábil. Polo tanto, cando entre a data de recepción da orde e a do curso efectivo desta pola entidade de crédito medie máis dun día hábil, considerarase data de pagamento da prima o día hábil anterior á data en que a entidade efectivamente cursase ou executase a transferencia.

Así mesmo, Agroseguro aceptará como data de orde de pagamento a do xustificante da transferencia cursada onde figure a data de execución da orde.

Para aquelas declaracións de seguro que se subscriban o último día do período de subscrición do seguro, considerarase como pagamento válido o realizado no seguinte día hábil ao do remate do prazo de subscrición.

Carecerá de validez e non producirá efecto ningún a declaración de seguro cuxa prima non fose pagada dentro do prazo establecido.

Cando se produzan modificacións na declaración de seguro que supoñan unha regularización das primas, aboarse ou cargarase a dita regularización na conta corrente sinalada na declaración de seguro, cando así se especifique nesta.

B) Pagamento fraccionado

Poderase acceder a esta forma de pagamento cando no momento de subscribir a declaración de seguro se cumpran simultaneamente os seguintes requisitos:

- O seguro debe ter un custo a cargo do tomador superior ao límite establecido pola Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA) no momento da contratación.
- O asegurado debe ter o correspondente aval afianzado de SAECA, por unha contía que debe cubrir polo menos o importe da prima fraccionada.

O pagamento da prima única realizarase en fraccións, segundo se especifica a continuación:

Primeira fracción: Corresponderase, polo menos, coa contía ou porcentaxe establecida por SAECA no momento da contratación, sobre o importe do custo do seguro a cargo do tomador, máis o total da contía que corresponda polo fraccionamento e o aval, que serán aboados no mesmo momento da subscrición do seguro, e será de aplicación todo o especificado para o pagamento ao contado.

No caso de que o aval afianzado non acadase o total das seguintes fraccións, o exceso por enriba do importe avalado deberá ser aboadado na primeira fracción; de non ser así, entenderase que a primeira fracción non foi aboada e, polo tanto, non terá efecto o pagamento.

Seguintes fraccións: Corresponderanse co resto do importe do custo do seguro a cargo do tomador non aboadado na primeira fracción, que será pagado mediante recibo que se presentará para cobramento nos prazos previstos na declaración de seguro.

O cobramento realizarase mediante domiciliación bancaria na conta corrente sinalada na declaración do seguro. Nesta conta corrente, ademais, realizaranse os pagamentos por indemnizacións dos sinistros, salvo os da garantía adicional de retirada e destrución.

Cando se produzan modificacións na declaración de seguro que supoñan unha regularización das primas, aboarase ou cargarase a dita regularización na conta corrente sinalada na declaración de seguro, e non afectará a contía das seguintes fraccións.

As seguintes fraccións entenderanse satisfeitas na data de emisión do recibo correspondente, salvo que, tentado o cobramento, se producise a devolución do recibo por calquera causa non imputable a Agroseguro.

No caso de non satisfacerse algunha das seguintes fraccións, Agroseguro notificaralle por escrito ao asegurado a falta de pagamento, e concederalle a oportunidade de aboar este importe. No caso de non producirse este pagamento, pasado un mes do vencemento, Agroseguro iniciará os trámites con SAECA co fin de executar o correspondente aval.

2. SEGURO RENOVABLE

A) PRIMEIRA PRIMA

Poderá realizarse o pagamento ao contado ou fraccionado, e será de aplicación todo o establecido para a modalidade de seguro non renovable.

B) PRIMAS SUCESIVAS

O pagamento das sucesivas primas farase ao vencemento da anualidade anterior, e Agroseguro cobrará mediante domiciliación bancaria na conta sinalada na declaración de seguro.

A prima dos períodos sucesivos será a que resulte de aplicarlle ao capital asegurado as tarifas que se establezan en cada plan de seguros, fundadas en criterios técnico-actuariais, establecidos en cada momento por Agroseguro, tendo en conta, ademais, as modificacións de garantías e as modificacións no valor dos bens asegurados.

Agroseguro, cando menos con 2 meses de antelación ao vencemento do contrato, notificaralles ao tomador e ao asegurado a prima para cada novo período de cobertura, e comunicará a data de presentación ao cobro do recibo correspondente na conta bancaria sinalada na declaración de seguro.

No caso de falta de pagamento dunha das primas sucesivas, o contrato queda resolto un mes despois do día de vencemento da anualidade anterior, e Agroseguro procederá a notificarlle esta circunstancia ao tomador e ao asegurado.

O pagamento da prima única realizarase ao contado ou fraccionado, e será de aplicación todo o establecido para a modalidade de seguro non renovable, pero realizando todos os pagamentos mediante domiciliación bancaria na conta sinalada na declaración de seguro.

17ª – ENTRADA EN VIGOR

O seguro entrará en vigor ás cero horas do día seguinte a aquel en que o tomador do seguro pague a prima única, sempre que previa ou simultaneamente se formalizase a declaración de seguro.

A entrada en vigor das modificacións de capital asegurado notificadas polo asegurado no impreso correspondente será a data da súa recepción en Agroseguro, no seu domicilio social, c/ Gobelás, 23 – 28023 MADRID.

Para os asegurados que paguen a prima e realicen un novo contrato de seguro nun prazo de 10 días antes ou despois da fin das garantías do seguro de explotación de gando reproductor e recría anterior ou do seguro de explotación do gando vacún de aptitude cárnica ou do seguro de explotación de alta valoración xenética, considerárase como data de entrada en vigor do novo seguro a do final das garantías do anterior.

Toma de efecto

A toma de efecto das garantías producírase unha vez concluído o período de carencia.

18ª – PERÍODO DE CARENCIA

Establécese un período de carencia en días completos, contados desde as cero horas do día de entrada en vigor do seguro de:

1. 7 días: para os riscos de: morte ou sacrificio e comiso por EEB, climáticos, ataque de animais, mortalidade masiva e perda de animais produtivos da garantía básica, e as garantías adicionais de accidentes individuais, meteorismo agudo, perda de calidade do leite e de retirada e destrución de cadáveres.
2. 21 días: para os riscos relativos a febre aftosa e as garantías adicionais de morte por síndrome respiratoria bovina, brote de mamite e mortalidade por diversas causas.
3. 15 días: para o resto de riscos.

A garantía adicional de diminución da prolificidade non ten carencia.

Ademais:

- Para a garantía adicional de retirada e destrución de cadáveres:

Os gandeiros xa asegurados no plan inmediatamente anterior no seguro de retirada e destrución, que realicen un novo contrato de seguro coa garantía adicional de retirada e destrución de cadáveres e paguen a prima nun prazo de 10 días antes ou despois da fin das garantías do seguro anterior, non terán carencia.

Para a garantía adicional de retirada e destrución de cadáveres, os animais que se incorporen á explotación ao longo da vixencia do seguro estarán cubertos a partir das cero horas do día seguinte a aquel en que se comunique a súa introdución, data que Agroseguro poderá contrastar coa documentación oficial que o titular está obrigado a manter.

- Para o resto de garantías:

Os animais non nados na explotación e incluídos nela ao longo da vixencia do seguro estarán sometidos aos períodos de carencia antes citados, contados para os riscos cubertos na garantía básica desde as cero horas do día de entrada en vigor do seguro e, para o resto de riscos, desde o día da súa correcta inscrición no libro de rexistro de explotación, acreditada coa documentación oficial.

Os animais nados na explotación durante o período de vixencia do contrato non estarán sometidos a carencia a partir da toma de efecto do seguro.

As explotacións que, provenientes dos seguros de “explotación de gando vacún reprodutor e de recría” e de “explotación de reprodutores bovinos de aptitude cárnica”, contraten este seguro nos 10 días seguintes á terminación do contrato anterior estarán sometidas aos seguintes períodos de carencia do novo seguro:

- Terán carencia só para o saneamento os que non o contratasen no seguro anterior.
- Os procedentes da liña de seguro de explotación de gando vacún reprodutor e recría terán carencia para os riscos cuxa cobertura non tivesen contratada nesa liña.
- Os procedentes da liña seguro de explotación de reprodutores bovinos de aptitude cárnica non terán carencia para ningún risco das garantías adicionais se contratasen nesa liña a opción 3. Se contratasen a opción 2 terán carencia para a garantía de crías.

19ª – CAPITAL ASEGURADO

O capital asegurado da explotación, para a retirada e destrución de cadáveres e para o resto de garantías, fíxase no 100 % do valor asegurado da explotación.

Para a garantía de perda de calidade do leite, o valor asegurado será o produto da cantidade de toneladas aseguradas polo valor elixido polo asegurado.

MODIFICACIÓNS DO CAPITAL ASEGURADO

I. RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

MODIFICACIÓNS DE CAPITAL POR AUMENTO DO CENSO DA EXPLOTACIÓN:

No caso de que ao longo da vida do contrato se produza unha situación de infraseguro superior ao 7 %, o asegurado deberá remitirle a Agroseguro o documento de modificación do capital asegurado.

Se AGROSEGURO solicitase a documentación que avale o cambio, o asegurado estará obrigado a facilitarlle.

En caso de sinistro, cando se supere o capital asegurado ou se efectúe a indemnización correspondente aos animais correctamente asegurados, **se se inclúen novos animais na explotación teranse que dar de alta como unha modificación do capital asegurado.**

Agroseguro procederá a emitir o recibo da prima correspondente ao período comprendido entre a entrada en vigor da modificación e o vencemento da póliza.

MODIFICACIÓNS DE CAPITAL POR DIMINUCCIÓN DO CENSO DA EXPLOTACIÓN

Nos casos de sobreseguro superior ao 7 %, debido a baixas de animais que non desen lugar a indemnización (pola venda, sacrificios, etc.), o asegurado poderá solicitar a devolución da prima comercial correspondente ao capital dos animais que causan baixa.

A xestión das baixas xustificarase mediante as guías de orixe e sanidade pecuaria ou a documentación oficial que evidencie o destino dos animais que causan baixa na explotación, e será necesario acreditar o censo que queda na explotación. No caso de que houberse algunha discrepancia, manterase na póliza o censo máis alto.

No caso de alertas sanitarias tamén poderá ser solicitada a devolución da prima comercial correspondente naqueles casos nos que as autoridades competentes prohiban levar a cabo as recollidas de cadáveres nas explotacións.

A prima comercial devolta será a correspondente ao período comprendido entre a comunicación da modificación por diminución da capacidade/censo e o vencemento da póliza.

II. RESTO DE GARANTÍAS

MODIFICACIÓNS DE CAPITAL POR ALTA DE ANIMAIS

O asegurado deberá modificar o capital asegurado cando:

- Se consuma o capital asegurado.
- Cando se produza a morte ou un sacrificio obrigatorio indemnizado de todos os animais da explotación.
- O infraseguro sexa superior ao 7%.

Constatado un infraseguro superior ao 7 %, á indemnización dos animais sinistrados aplicaráselle unha redución por regra proporcional.

Se o infraseguro é superior ao 20%, Agroseguro procederá á suspensión de garantías. As garantías non volverán tomar efecto ata que o asegurado, mediante unha modificación, actualice o valor declarado das explotacións incluídas na declaración.

Por este motivo deberá remitir ás oficinas centrais de Agroseguro o documento habilitado para tal efecto.

Agroseguro procederá a emitir o recibo da prima correspondente ao período comprendido entre a entrada en vigor da modificación e o vencemento da póliza.

Nas modificacións de capital declarado non poderán modificarse as garantías contratadas na declaración de seguro inicial.

As modificacións por alta de animais que se realicen no período no que exista unha situación que determine a adopción de medidas sanitarias de calquera nivel por parte da autoridade non se terán en conta para sinistros debidos a esa situación. Neste caso, o número de animais que se considerarán asegurados será o que tivese no momento previo á situación de alarma.

MODIFICACIÓNS DE CAPITAL POR BAIXA DE ANIMAIS

Nos casos de sobreseguro superior ao 7 % pola venda, morte ou sacrificios non amparados polo seguro, o asegurado poderá solicitar a devolución da prima comercial correspondente ao capital dos animais que causen baixa.

A prima comercial que se devolverá será a que corresponda ao período comprendido entre a comunicación da modificación por baixa e o vencemento da póliza.

20ª – OBRIGAS DO TOMADOR OU DO ASEGURADO

Ademais do establecido na condición xeral sétima, o tomador do seguro e asegurado están obrigados a:

I. RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

- Incluir na declaración de seguro a totalidade de animais vacúns de todas as explotacións que posúa no ámbito de aplicación deste seguro.

En todos os casos, como mínimo asegurárase o número de animais que existan na explotación no momento da entrada en vigor da declaración de seguro. Se con posterioridade variase o número de animais, admitirase ata unha marxe do 7 % de infraseguro, medido este como a diferenza entre o valor da explotación e o valor asegurado, referido ao valor da explotación.

No caso de incumprimento desta obriga, procederase segundo se especifica a continuación:

- 1) O asegurado terá un prazo de 5 días hábiles desde o requirimento fidedigno de Agroseguro para proceder ao aseguramento correcto. **Se non o efectúa, dará lugar á perda do dereito á indemnización.**

- 2) Agroseguro regularizará a prima correspondente a todo o período de garantías establecido no seguro, **incrementada coa seguinte penalización:**

(Valor explotación - Valor asegurado) x100 / Valor explotación	Penalización (%)	
	No momento da entrada en vigor do seguro	Con posterioridade á entrada en vigor do seguro
< 7 %	10%	0%
7 % al 20 %	10%	10%
> 20 %	15%	15%

A aplicación destas penalizacións farase sobre o total da prima a nivel de “clase de explotación”.

- Ademais, o tomador do seguro ou o asegurado deberá remitir semanalmente a Agroseguro, a través da xestora que realice a retirada e destrución do cadáver, a relación de quilos retirados diariamente por cada código REGA, destruídos conforme a lexislación vixente.

No caso de sinistro, Agroseguro poderá requirirille ao tomador do seguro ou asegurado o certificado de destrución do cadáver, conforme o especificado na sétima condición especial, no que conste claramente a identificación completa do animal e os datos do libro de rexistro de explotación á que pertence o animal. Esta documentación tamén poderá remitila a xestora que realice a retirada e destrución do cadáver.

II. RESTO DE GARANTÍAS

- Ao contratar o seguro deberán declarar a cualificación de saneamento gandeiro en vigor da explotación.
- Incluír na declaración de seguro a totalidade de animais vacúns destinados a reprodutores e recría de todas as explotacións que posúa no territorio nacional. O incumprimento desta obriga, salvo casos debidamente xustificadas, dará lugar á perda do dereito á indemnización.
- O titular do seguro deberá notificarlle á autoridade competente do REGA e do RIIA da súa comunidade autónoma todos os cambios ou modificacións que fosen necesarios para unha correcta identificación da explotación, do titular e dos bens asegurables.
- Manter actualizado o libro de rexistro de explotación, seguindo o establecido no Real decreto 1980/1998 e as súas modificacións. Os defectos graves na identificación e inscrición das reses suporán a perda do dereito a indemnización polos sinistros que se produzan ata que se actualice o libro de rexistro de explotación e se emenden eses defectos.

- Cando un animal asegurado teña que ser peritado no matadoiro, deberá comunicar cunha antelación superior a 48 horas a AGROSEGURO (c/ Gobelás, 23 - 28023 Madrid) polo menos os seguintes datos:
 - Nome do asegurado.
 - Número de referencia do seguro.
 - Identificación do animal, segundo figura no libro de rexistro de explotación.
 - Nome e enderezo completo do matadoiro no que se vai sacrificar.
 - Día e hora previstos para o sacrificio.
- Permitirlles a AGROSEGURO e aos técnicos por ela designados a inspección en todo momento dos bens asegurados, e facilitarlles a entrada nas instalacións das explotacións aseguradas e o acceso á documentación que teña no seu poder en relación con estas, en especial:
 - O libro de rexistro de explotación, o documento de identificación de bovinos (DIB), os datos do SITRAN, así como documentos adicionais sobre traslados, compras, vendas e sacrificios de animais en matadoiro e as súas certificacións.
 - O certificado oficial veterinario, ou informe veterinario, expedido polo facultativo implicado no proceso de que se trate. Os gastos orixinados por este motivo corren a cargo do asegurado.
- No caso das garantías de saneamento básico, saneamento gandeiro extra, privación de acceso a pasteiros, EEB e febre aftosa, a documentación oficial expedida para o efecto que acredite o cumprimento dos requisitos rexistrados nestas garantías.
- Cando se produza un sinistro debido á febre aftosa deberá ademais achegar a documentación oficial necesaria para comprobar, de ser o caso:
 - O número de animais aos que lles provocase a morte.
 - O número de animais sacrificados obrigatoriamente por parte da autoridade.
 - O tempo de inmovilización da explotación.
- No caso do comiso de animais no matadoiro como consecuencia directa ou indirecta dun resultado positivo de EEB, deberán achegar un certificado oficial veterinario do matadoiro no que se reflectirá o motivo da requisa e a identificación dos animais afectados.
- Comunicar todas as circunstancias e incidencias danosas susceptibles de agravar o risco.

O incumprimento das obrigas previstas, cando impida a adecuada valoración do risco ou das circunstancias e consecuencias do sinistro, suporá a perda do dereito á indemnización que lle puidese corresponder ao asegurado.

Capítulo V: SINISTRO E INDEMNIZACIÓN

21ª – COMUNICACIÓN DE SINISTROS

I. RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

No caso de que o animal asegurado morra, o tomador do seguro, asegurado ou beneficiario deberá comunicarllo a Agroseguro ou á xestora correspondente ao seu territorio, mediante comunicación telefónica ou a través da web.

II. SINISTROS DE SANEAMENTO BÁSICO OU EXTRA

O tomador ou o asegurado deberá comunicar a AGROSEGURO, no prazo de 24 horas, a existencia de calquera resultado positivo a saneamento.

III. SINISTROS DE BROTE DE MAMITE

O tomador ou o asegurado poderán comunicar a aparición dun brote de mamite cando estean afectados o número mínimo de animais considerado nesta garantía.

IV. RESTO DE GARANTÍAS

No caso de sinistro o tomador do seguro, asegurado ou beneficiario deberá comunicarllo a Agroseguro no prazo de 24 horas, mediante comunicación telefónica.

Indicaranse, como mínimo, os seguintes datos:

- CIF/DNI do asegurado.
- Nome e apelidos do asegurado.
- Número de referencia da declaración de seguro individual ou aplicación.
- Número de identificación do animal.
- Lugar do sinistro.
- O momento no que comezou a causa que o orixina.
- Causa do sinistro.
- Número de teléfono de contacto para a peritaxe.

Así mesmo, deberá tomar todas as medidas necesarias para a conservación do animal ou dos seus restos, de forma que este estea, durante polo menos as 72 horas seguintes á notificación, para unha eventual necropsia.

Cando un animal asegurado teña que ser peritado no matadoiro, deberá comunicar cunha antelación superior a 48 horas a AGROSEGURO (c/ Gobelos, 23 - 28023 Madrid) polo menos os seguintes datos:

- Nome do asegurado.
- Número de referencia do seguro.
- Identificación do animal, segundo figura no libro de rexistro de explotación.
- Nome e enderezo completo do matadoiro no que se vai sacrificar.
- Día e hora previstos para o sacrificio.

22ª – INSPECCIÓN DOS DANOS

Para as garantías diferentes á da retirada e destrución de cadáveres, comunicado o suceso dun sinistro polo tomador do seguro ou polo asegurado, na forma e prazos establecidos na condición especial 23ª, Agroseguo procederá á inspección e taxación dos danos (salvo no caso de retirada e destrución de cadáveres), no prazo de 72 horas, contadas desde o momento da recepción da comunicación no seu domicilio social.

23ª – VALORACIÓN DOS DANOS

A taxación dos sinistros efectuarase de acordo coa “Norma sectorial de peritaxe de danos nas producións gandeiras con rexistro individual obrigatorio” e a “Norma xeral de peritaxe dos danos ocasionados nas producións gandeiras”.

CÁLCULO DO VALOR BASE

- 1. Para os riscos de morte ou sacrificio por febre aftosa ou EEB, climáticos, ataque de animais, mortalidade masiva, accidentes individuais, nai en parto, mamite, enfermidades, SRB, meteorismo agudo, carbúnculo, morte súbita, sacrificio por brote de mamite clínica, mortalidade por diversas causas e sacrificios por saneamento gandeiro básico e saneamento gandeiro extra.**

Calcularase mediante os seguintes pasos:

- 1. Valor unitario declarado:** valor elixido polo asegurado entre o máximo e o mínimo que propón ENESA conforme a especie, grupo de raza, tipo de animal e características da explotación.
- 2. Valor unitario acreditado:** valor unitario máximo ao que se poderían asegurar os animais da explotación, xustificado documentalmente polo asegurado.
- 3. Valor unitario base:** o menor de entre o valor unitario declarado e o valor unitario acreditado.

4. **Valor límite máximo indemnizable:** obtense de multiplicar o valor unitario base pola porcentaxe límite máxima de indemnización que se indica nos anexos, en función da garantía, aptitude, réxime, grupo de raza, idade e tipo de animal.
5. **Valor base:** obtense do valor límite máximo indemnizable restándolle, cando corresponda, a depreciación que pertenza.

2. **Morte de crías**

O valor base das crías calcularase da seguinte forma:

En explotacións de réxime lácteo:

- O valor límite máximo para os efectos de indemnización será o 12 % da media ponderado do valor unitario base das reprodutoras aseguradas, ata que o número de crías indemnizadas supere o 4 % do número de reprodutoras aseguradas da explotación. A partir dese momento o valor límite máximo para os efectos de indemnización será o 5 % da media ponderada do valor unitario base das reprodutoras aseguradas.

En explotacións de réximes cárnicos:

- O valor límite máximo para os efectos de indemnización será o 25 % da media ponderada do valor unitario base das reprodutoras aseguradas.

3. **Perda de produción polos animais produtivos incluídos nun sinistro de morte masiva**

O valor base calcularase segundo o réxime da explotación:

- Explotacións de réxime lácteo e centros de reprodución: Número de animais produtivos mortos multiplicado polo seu valor unitario base e por 0,45.
- Explotacións de réximes cárnicos: Número de animais produtivos mortos multiplicado polo seu valor unitario base e por 0,2.

4. **Perda de produción por brote de mamite clínica**

Calcularase o valor base por cada vaca afectada segundo os días de lactación que lle restan desde o momento en que se constate que está afectada polo brote ata 300 días de lactación, de forma diferente segundo que o animal se sacrifique ou non, como se reflicte na táboa do apéndice V.

5. **Inmobilización**

O valor base calcularase considerando as táboas do anexo IV:

- Por saneamento gandeiro extra:
 - Explotacións de réxime lácteo: o número de animais produtivos sacrificados multiplicado polo seu valor unitario base, por 2,65 % e por cada semana (17 semanas máximo).
 - Explotacións de réximes cárnicos: o número de animais produtivos sacrificados multiplicado polo seu valor unitario base, por 1,12 % e por cada semana (17 semanas máximo).

- Por privación de acceso a pasteiros:
 - Número de animais produtivos presentes na explotación multiplicado polo seu valor unitario base, por 0,4 % e polo número de semanas (10 semanas máximo).
 - Número de animais non produtivos presentes na explotación multiplicado polo seu valor unitario base, por 0,4 % e por número de semanas (10 semanas máximo).
- Por febre aftosa
 - Número de animais produtivos por 7 € e por cada semana, cun máximo de 17 semanas por todo o período de vixencia da póliza.
 - Número de animais non produtivos por 3 € e por cada semana, cun máximo de 17 semanas por todo o período de vixencia da póliza.

6. Comisos en matadoiro por EEB

Calcúlase o valor base como o produto entre o número de animais, ou as súas canles, comisados por 240 €.

7. Perda de calidade do leite

- a. **Incremento de células somáticas:** Calcularase o valor base multiplicando a cifra menor de entre o leite producido, o mes no que se produza o sinistro, ou a produción anual contratada dividida entre 12 e expresada en miles, polos euros/cada mil litros que corresponda ao cambio de estrato, reflectido na táboa do anexo V.
- b. **Contaminación por aflatoxinas ou por inhibidores:** Calcularase o valor base multiplicando a cantidade de leite destruído por esta causa pola cifra menor entre o valor declarado polo asegurado para o leite e o valor ao que a entregou á industria no mes anterior ao sinistro. Ao valor base sumaráselle o custo de destrución dese leite.

En ambos os casos se o valor asegurado da produción non é o maior, a cantidade que resulte reducirase proporcionalmente.

8. Diminución da prolificidade

Calcúlase a prolificidade do período de 12 meses anterior á contratación do seguro e a do período de garantía. Para iso considérase:

- As crías nadas na explotación e inscritas no REGA en ambos os períodos.
- Os censos de reprodutoras como a media mensual de ambos os períodos.
- A prolificidade de ambos os períodos como a porcentaxe obtida ao dividir as crías nadas e inscritas en cada período entre os censos de reprodutoras de cada período.

Se a prolificidade do período de garantía é inferior en máis dun 15 % á do período anterior (sinistro), multiplícase a porcentaxe de prolificidade do período previo á contratación polo censo medio mensual do período de garantía. Á cifra obtida réstanselle as crías nadas e inscritas no período de garantía. A cifra que se obtén multiplícase polo 25 % do valor unitario base medio ao que aseguraron as reprodutoras. Obterase así o valor base.

24ª – SINISTRO INDEMNIZABLE

Establécense os seguintes mínimos indemnizables e requisitos de indemnización para os riscos:

Febre aftosa

- Inmobilización:

Para que un sinistro sexa considerado indemnizable debe cumprir os seguintes requisitos:

- A explotación debe permanecer coa restrición de movementos polo menos 21 días.
- Deberá acreditar documentalmente que a restrición sanitaria da explotación está rexistrada no REGA.
- Deberá achegar a declaración da autoridade competente onde se especifique que a explotación ten restrinxidos os movementos e o día en que comezan:
 - * Saída de animais cara a outras explotacións.
 - * Saída de animais cara ao matadoiro.

- Morte ou sacrificio.

Para o pagamento dos sinistros será necesario que o asegurado achegue na declaración de sinistro:

- Declaración oficial das mortes que son debidas a febre aftosa ou
- Que o sacrificio obrigatorio se ordena por motivos cautelares ou preventivos relacionados coa febre aftosa.

EEB

Para a percepción da indemnización o asegurado, ou o seu tomador, deberá remitir a Agroseguro a documentación expedida pola autoridade que acredite que debido a esta enfermidade se produce a obriga de sacrificio, ou que foi a causa da morte ou o motivo de comiso.

Saneamentos básico e extra

Cando se realizou o sacrificio dos animais deberá remitir a Agroseguro a seguinte documentación:

- A copia do documento emitido pola autoridade, acreditativo do dereito a indemnización por sacrificio.
- A documentación oficial da cualificación sanitaria na data en que realizou a contratación do seguro.
- A documentación oficial que acredite a data de sacrificio.

- Ademais, no caso de saneamento extra deberá achegar a documentación oficial que indique a duración do período no que houbo restrición de movementos na explotación.

Privación de acceso a pasteiros

O tomador ou o asegurado deberá remitirle a AGROSEGURO:

- A documentación oficial que acredite o período durante o cal non puideron ser trasladados os animais aos pasteiros.
- A documentación oficial das probas de saneamento que acreditan o cumprimento dos requisitos de aseguramento.
- As guías de traslado a pasteiros do ano anterior.

Mortalidade masiva

O mínimo indemnizable será de 4 animais maiores de 6 meses polos 100 primeiros animais produtivos que posúa a explotación, máis un animal maior de 6 meses por cada centena de máis de animais produtivos que teña a explotación, contando que os animais produtivos que non completen unha centena contarán como unha máis.

Perda de animais produtivos

O mínimo indemnizable será de 4 animais produtivos polos 100 primeiros animais produtivos que posúa a explotación, máis un animal adulto por cada centena de máis de animais produtivos que teña a explotación, contando que os animais produtivos que non completen unha centena contarán como unha máis.

Brote de mamite

O mínimo indemnizable será do 1,5 % dos animais produtivos que posúa a explotación, cun mínimo de 6 vacas afectadas.

Para o pagamento do sinistro deberá dispor da documentación que acredite que no momento da contratación cumpría os seguintes parámetros:

- A media xeométrica móbil do RCS en tanque deberá ser inferior a 300.000/ml durante os 3 meses anteriores á contratación.
- A media xeométrica móbil de unidades formadoras de colonias (UFC) de leite de tanque deberá ser inferior a 50.000/ml durante os 2 meses anteriores á contratación.
- Ausencia de inhibidores de crecemento en leite de tanque nos 6 meses anteriores á contratación.

Diminución da prolificidade

A diminución da prolificidade respecto da obtida no período de 12 meses anteriores á contratación deberá ser superior ao 15 % e supor polo menos unha perda de 3 partos.

Perda de calidade do leite

Valorada a perda segundo o anexo V, deberá superar, en todo o período de vixencia do seguro, a cifra de 300 €.

Resto de riscos

Sen mínimo indemnizable.

25ª – FRANQUÍA

I. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

Non se aplica franquía.

II. GARANTÍA BÁSICA E RESTO DE GARANTÍAS ADICIONAIS

Febre aftosa, EEB, saneamento gandeiro extra e perda de produción, privación de acceso a pasteiros, operacións cirúrxicas e perda de produción por brote de mamite

Sen franquía

Sacrificio por saneamento gandeiro básico

Franquía de danos do 20 %.

Riscos climáticos, ataque de animais e mortalidade masiva

Franquía de danos do 10 %.

Accidentes individuais

Para o réxime lácteo:

- Franquía de danos do 40 % para asegurados con recarga superior ao 50 %.
- Franquía de danos do 20 % para asegurados con recarga de entre o 30 % e o 50 %.
- Franquía de danos do 10 % para o resto de asegurados.

Para o resto de réximes:

- Franquía de danos do 10 %.

Riscos de morte en parto da nai, morte da cría, de enfermidades, de meteorismo, de carbúnculo, de sacrificio por brote de mamite, diminución da prolificidade

- Franquía de danos do 20 % para os asegurados que contratasen algún dos últimos tres plans e no último plan contratasen:
 - Cunha recarga do 100 % e nese plan a súa ratio de indemnizacións a prima comercial neta fose superior ao 200 % ou
 - Cunha recarga do 150 % e nese plan a súa ratio de indemnizacións a prima comercial neta fose superior ao 125 %.

- Franquía de danos do 10 % para o resto de asegurados.

Mamite

Para o réxime lácteo:

- Franquía de danos do 50 % para asegurados con recarga superior ao 50 %.
- Franquía de danos do 30 % para asegurados con recarga de entre o 30 % e o 50 %.
- Franquía de danos do 20 % para o resto de asegurados.

Para os réximes cárnicos:

- Franquía de danos do 20 %.

SRB

- Franquía de danos do 30 % para os asegurados que contrataron algún do tres últimos plans e no último plan tivesen unha recarga do 100 % cunha ratio de indemnizacións a prima comercial neta de bonificacións e recarga superior ao 200 % ou unha recarga do 150 % cunha ratio superior ao 125 %.
- Franquía de danos do 20 % para o resto de asegurados.

Mortalidade por diversas causas

- Franquía de danos elixible do 30 % ou do 50 %.

Morte súbita

- Franquía de danos do 20 %.

Perda de calidade do leite

- Franquía de danos do 10 % para os asegurados que contrataron algún do tres últimos plans e no último plan tivesen unha recarga do 100 % cunha ratio de indemnizacións a prima comercial neta de bonificacións e recarga superior ao 200 % ou unha recarga do 150 % cunha ratio superior ao 125 %.
- Sen franquía para o resto de asegurados.

26ª - CÁLCULO DA INDEMNIZACIÓN

I. GARANTÍA ADICIONAL DE RETIRADA E DESTRUCCIÓN DE CADÁVERES

No caso de sinistro, o importe do gasto indemnizable virá determinado polo peso en quilos dos animais retirados e destruídos polo prezo en €/quilo, co máximo comunicado polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, tendo en conta que a comunidade autónoma á que lle corresponden os animais sinistrados é aquela na que se recollen.

Agroseguro procederá a indemnizar unha vez comprobada a documentación sinalada na condición vixésimo primeira e o correcto aseguramento da explotación.

O pagamento da indemnización poderao realizar directamente Agroseguro, no nome e por conta do asegurado, á empresa xestora que realice a retirada e destrución do cadáver, acreedora dos gastos en que se incorreu ata o límite da indemnización. Con este obxecto, Agroseguro comunicaralle os datos necesarios da póliza á entidade xestora. **A subscrición do seguro implica a autorización do asegurado nese sentido.**

II. RESTO DE GARANTÍAS

Calculado o valor base, segundo a condición vixésimo terceira, a partir de aí seguiranse os seguintes pasos:

1. **Valor base minorado:** Obtense a partir do valor base por aplicación de regra proporcional ou de equidade, cando proceda.
2. **Valor do dano:** Obtense a partir do valor base minorado restándolle, cando proceda, o valor de recuperación.
3. **Indemnización neta total:** Obtense a partir do valor do dano aplicándolle, cando proceda, a franquía que corresponda. O resultado será a cantidade que debe percibir o asegurado.

No cálculo da indemnización do saneamento extra está incluída a do saneamento básico.

CÁLCULO DA COMPENSACIÓN POR INMOBILIZACIÓN POR FEBRE AFTOSA

Polos animais oficialmente inmovilizados establécese unha compensación por semana de inmovilización de 7 € para os animais produtivos e de 3 € para os animais non produtivos, minorado ou non por aplicación de regra proporcional ou de equidade, e ata un máximo de 17 semanas.

27ª - CONSULTA E VERIFICACIÓN DA INFORMACIÓN

De acordo co disposto na letra c) do apartado 2 do artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a subscrición deste seguro implica o consentimento do asegurado para que:

- ENESA acceda á información necesaria contida na base de datos do Sistema integral de rastrexabilidade animal (cuxa sigla en castelán é SITRAN) para o cumprimento das funcións de verificación que ten atribuídas no marco deste seguro.
- A Administración xeral do Estado autorice a Agroseguro o acceso á información necesaria contida na base de datos do Sistema integral de rastrexabilidade animal (cuxa sigla en castelán é SITRAN) para a valoración dos animais e da explotación asegurada, así como para o cumprimento das funcións de verificación que ten atribuídas no marco dos seguros agrarios combinados.

- Agroseguro envíe a ENESA aquela información de carácter zosanitario que lle sexa requirida para facilitar o cumprimento das tarefas encomendadas ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, tanto en relación co control do desenvolvemento e aplicación do Plan de seguros agrarios como no que respecta á sanidade animal.
- No marco do seguimento do resultado deste seguro, se Agroseguro detectase aumentos das mortalidades en taxas desproporcionadas en relación co censo ou capacidade declarada, ou sinistros masivos ou outras magnitudes que fagan sospeitar de enfermidade de declaración obrigatoria segundo o artigo 5 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, informará inmediatamente a ENESA para a súa comunicación á autoridade competente.

28ª– ELECCIÓN DE EMPRESA XESTORA

No momento de subscribir o seguro, nas comunidades autónomas nas que así se estableza, o asegurado elixirá libremente a empresa xestora que lle vaia dar o servizo. A elección farase entre todas aquelas xestoras que operen no seu territorio dentro do sistema de seguros agrarios combinados.

Co fin de facilitarlle ao asegurado esta elección, Agroseguro comunicarlle ao asegurado a lista de todas as xestoras, así como o prezo fixado por cada unha delas para prestar o servizo.

A elección da xestora por parte do asegurado farase de forma irrevogable para todo o período de vixencia da póliza.

Con independencia do anterior, en todas as comunidades autónomas excepto Castela-A Mancha poderá admitirse un prezo pactado polo asegurado cunha das xestoras que operen no seu territorio dentro do sistema de seguros agrarios combinados, inferior ao comunicado ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

Capítulo VI: ANEXOS

ANEXO I – RISCOS CUBERTOS E CONDICIÓN S DE COBERTURAS

I.1. Garantía básica

	Riscos cubertos	Capital garantido	Réxime asegurable	Cálculo indemnización	Mínimo indemnizable	Franquía	
						Tipo	%
Garantía básica	Climáticos e outros riscos Encefalopatía esponxiforme bovina Ataque de animais	100 %	Todos	Táboa idade	Sen mínimo	Danos	10 % (EEB sen franquía)
	Febre aftosa	100 %	Todos	Morte ou sacrificio. Táboa idade	Sen mínimo	Sen franquía	
				Inmovilización: compensación	21 días	Sen franquía	
	Saneamento básico (1)	100 %	Todos	Táboa idade	Sen mínimo	Danos	20 %
	Mortalidade masiva	100 %	Todos	Táboa idade	4 animais maiores de 6 meses	Danos	10 %
	Perda de animais produtivos	100 %	Todos	% valor unitario base	4 animais produtivos	Sen franquía	

(1) Estará cuberto unicamente nas explotacións con cualificación sanitaria T2 negativo e B2 negativo ou cualificacións mellores.

I.2. GARANTÍAS ADICIONAIS

Garantía (1)	Riscos cubertos	Capital garantido	Réxime asegurable	Cálculo indemnización	Mínimo indemnizable	Franquía	
						Tipo	%
1	Accidentes individuais	100 %	1-Lácteo	Táboa idade	Sen mínimo	Danos segundo B/R	10 %
							20 %
			2-Semiestabulación 3-Devesa 4-Extensivo de fácil control 5-Extensivo de difícil control 6-Centros recria xovencas 7-Produción de bois 8-Centros de reprodución	Táboa idade	Sen mínimo	Danos	10 %
2	Parto	100 %	1-Lácteo 2-Semiestabulación 3-Devesa 4-Extensivo de fácil control 5-Extensivo de difícil control 6-Centros recria xovencas	Táboa idade	Sen mínimo	Danos	10 %
	Cirurxía			Compensación		Danos (3)	20 %
						Sen franquía	-
3	Morte de crías	100 %	1-Lácteo 2-Semiestabulación 3-Devesa 4-Extensivo de fácil control 5-Extensivo de difícil control	Táboa idade	Sen mínimo	Danos	10 %
						Danos (3)	20 %
4	Mamite	100 %	1-Lácteo	Táboa idade	Sen mínimo	Danos segundo B/R	20 %
							30 %
			2-Semiestabulación 3-Devesa 4-Extensivo de fácil control 5-Extensivo de difícil control	Táboa idade	Sen mínimo	Danos	20 %
5	Enfermidades	100 %	Todos	Táboa idade	Sen mínimo	Danos	10 %
						Danos (3)	20 %
6	SRB	100 %	1-Lácteo 2-Semiestabulación 3-Devesa 4-Extensivo de fácil control 5-Extensivo de difícil control 6-Centros recria xovencas 7-Produción de bois	Táboa idade	Sen mínimo	Danos	20 %
						Danos (3)	30 %
7	Meteorismo	100 %	Todos	Táboa idade	Sen mínimo	Danos	10 %
						Danos (3)	20 %
8	Carbúnculo	100 %	Todos	Táboa idade	Sen mínimo	Danos	10 %
						Danos (3)	20 %

Garantía (1)	Riscos cubertos	Capital garantido	Réxime asegurable	Cálculo indemnización	Mínimo indemnizable	Franquía	
						Tipo	%
9	Saneamento extra	100 %	Todos	Táboa idade	Sen mínimo	Sen franquía	-
10	Privación de acceso a pasteiros	100 %	2-Semiestabulación 3-Devesa 4-Extensivo de fácil control 5-Extensivo de difícil control 7-Producción de bois		Sen mínimo	Sen franquía	-
11	Morte súbita (2)	100 %	Todos	Táboa idade	Sen mínimo	Danos	20 %
12	Brote mamite	100 %	1-Lácteo	Táboa idade	1,5% das reproductoras e máis de 6 animais afectados	Danos	10 %
						Danos (3)	20 %
13	Mortalidade por diversas causas	100 %	2-Semiestabulación 4-Extensivo de fácil control 5-Extensivo de difícil control 3-Devesa 7-Producción de bois 6-Centros recría xovencas	Táboa idade	Sen mínimo	Danos elixible	30 %
							50 %
14	Diminución da prolificidade	100 %	2-Semiestabulación 4-Extensivo de fácil control 5-Extensivo de difícil control 3-Devesa	% valor unitario base de reproductoras	Diminución prolificidade cando menos 15 %: perda de 3 partos	Danos	10 %
						Danos (3)	20 %
15	Perda de calidade do leite (4)	100 %	1-Lácteo	Volume mensual de leite producido	>300 €	Sen franquía	-
						Danos (3)	10 %
16	ReD: Retirada e destrución de cadáveres Enterramento autorizado Sacrificios decretados pola autoridade	100 %	Todos	Prezos xestora / Compensación contra factura: o maior entre 600 € ou o 20 % do capital asegurado	Sen mínimo	Sen franquía	-

(1) Poderanse elixir as garantías adicionais de forma independente, salvo as seguintes:

- A garantía 10 só se poderá contratar se se contrata a garantía 9.
- As garantías 4 e 12 son incompatibles entre si.
- A garantía 13 é incompatible co resto de garantías, excepto coa 3, 4, 9, 10 e 14.
- A garantía 14 só se podería contratar xunto coa garantía 3.

(2) Para asegurados bonificados, elixible ao contratar accidentes individuais ou enfermidades ou parto.

(3) Para asegurados que no plan anterior tivesen unha recarga do 150 % e unha ratio de Ind./prima comercial neta >125 % ou tivesen unha recarga do 100 % e unha ratio de Ind./prima comercial neta > 200 %.

(4) Para explotacións que nos 6 meses anteriores á contratación tivesen no leite de tanque:

- O recuento de células somáticas inferior a 300.000
- O recuento de unidades formadoras de colonias (UFC) inferior a 50.000
- Ausencia de inhibidores de crecemento bacteriano

ANEXO II

PARA TODOS OS RISCOS EXCEPTO: SANEAMENTO GANDEIRO BÁSICO, SANEAMENTO GANDEIRO EXTRA, COMISOS, INMOBILIZACIÓNS, OPERACIÓNS CIRÚRXCAS, PERDA DE PRODUCCIÓN POR MORTE MASIVA E PERDA DE PRODUCCIÓN POR BROTE DE MAMITE

EXPLOTACIÓNS DE RÉXIME LÁCTEO (*)	
VALOR LÍMITE MÁXIMO PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN	
IDADE EN MESES DOS ANIMAIS PRODUTIVOS	% sobre o valor unitario base
Reproductoras \geq 17 meses ata o primeiro parto	110 %
Reproductoras desde o primeiro parto ata \leq 39 meses	125 %
Reproductoras $>$ 39 meses e \leq 49 meses	110 %
Reproductoras $>$ 49 meses e \leq 59 meses	95 %
Reproductoras $>$ 59 meses e \leq 71 meses	75 %
Reproductoras $>$ 71 meses e \leq 83 meses	60 %
Reproductoras $<$ 83 meses	40 %
Sementais \geq 24 meses e \leq 59 meses	120 %
Sementais $>$ 59 meses	60 %
IDADE EN MESES DOS ANIMAIS NON PRODUTIVOS	% sobre o valor unitario base
$>$ 1 e \leq 3 meses	60 %
$>$ 3 meses e \leq 6 meses	100 %
\geq 6 meses e \leq 10 meses	130 %
\geq 10 meses e \leq 14 meses	160 %
$>$ 14 meses	200 %
CRÍAS	% sobre o valor unitario base da nai
Crías:	12 %/5 % (**)

(*) Tamén para femias de centros de reprodución oficialmente autorizados.

(**) Para a garantía básica: as crías valoraranse ao 12 % do valor unitario base medio das reproductoras.

Para a garantía de morte de crías: mentres o número de crías sinistradas non supere o 4 % do número de reproductoras aseguradas, valoraranse ao 12 % do valor unitario base medio das reproductoras, logo ao 5 %. Cando o número de reproductoras aseguradas sexa inferior a 50, as dúas primeiras crías sinistradas indemnizaranse ao 12 % do valor unitario base medio das reproductoras.

EXPLOTACIÓN DE RÉXIMES CÁRNICOS (*)	
VALOR LÍMITE MÁXIMO PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN	
IDADE DOS ANIMAIS PRODUTIVOS EN MESES	% sobre o valor unitario base
Reproductoras \geq 22 meses ata o primeiro parto	100 %
Reproductoras desde o primeiro parto a \leq 71 meses	115 %
Reproductoras $>$ 71 meses e \leq 83 meses	105 %
Reproductoras $>$ 83 meses e \leq 95 meses	100 %
Reproductoras $>$ 95 meses e \leq 107 meses	90 %
Reproductoras $>$ 107 meses e \leq 119 meses	80 %
Reproductoras $>$ 119 meses e \leq 131 meses	70 %
Reproductoras $>$ 131 meses e \leq 143 meses	60 %
Reproductoras $>$ 143 meses e \leq 155 meses	50 %
Reproductoras $<$ 155 meses	40 %
Sementais \geq 24 meses e \leq 107 meses	150 %
Sementais $>$ 107 meses	65 %
IDADE DOS ANIMAIS NON PRODUTIVOS EN MESES	% sobre o valor unitario base
$>$ 1 e \leq 3 meses	78 %
$>$ 3 meses e \leq 5 meses	85 %
\geq 5 meses e \leq 8 meses	120 %
\geq 8 meses e \leq 11 meses	150 %
\geq 11 meses e \leq 15 meses	180 %
\geq 15 meses e \leq 20 meses	190 %
$>$ 20 meses	200 %
CRÍAS	% sobre o valor unitario base da nai
Crías:	25 %

(*) Tamén para femias de centros de reprodución oficialmente autorizados.

EXPLOTACIONES DE PRODUCCIÓN DE BOIS: VALOR LÍMITE MÁXIMO PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN	
IDADE DE BOIS VELLAS EN MESES	% sobre o valor unitario base
Bois \geq 22 meses e \leq 27 meses	70 %
Bois $>$ 27 meses e \leq 33 meses	80 %
Bois $>$ 33 meses e \leq 39 meses	90 %
Bois $>$ 39 meses e \leq 45 meses	105 %
Bois $>$ 45 meses e \leq 84 meses	135 %
IDADE DE BOIS NOVOS EN MESES	% sobre o valor unitario base
Machos castrados $<$ 3 meses	55 %
Machos castrados \geq 3 meses \leq 5 meses	60 %
Machos castrados $>$ 5 meses e \leq 8 meses	70 %
Machos castrados $>$ 8 meses e \leq 11 meses	75 %
Machos castrados $>$ 11 meses e \leq 15 meses	90 %
Machos castrados $>$ 15 meses e \leq 22 meses	105 %

CENTROS DE RECRÍA DE XOVENCAS VALOR LÍMITE MÁXIMO PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN	
IDADE DE TENREIRAS DE CENTROS DE RECRÍA EN MESES	% sobre o valor unitario base
Tenreiras $>$ 2 meses e \leq 6 meses	100 %
Tenreiras $>$ 6 meses e \leq 10 meses	130 %
Tenreiras $>$ 10 meses e \leq 14 meses	160 %
Tenreiras $>$ 14 meses	200 %
IDADE DE XOVENCAS DE CENTROS DE RECRÍA EN MESES	% sobre o valor unitario base
Xovencas \geq 17 meses e \leq 36 meses	110 %
Femias $>$ 36 meses	50 %
Sementais \geq 24 meses e \leq 59 meses	120 %
Sementais $>$ 59 meses	60 %

**CENTROS DE REPRODUCCIÓN OFICIALMENTE AUTORIZADOS
VALOR LÍMITE MÁXIMO PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN**

SEMENTAIS MELLORANTES	% sobre o valor unitario base
IDADE DOS SEMENTAIS DE APTITUDE LÁCTEA EN MESES	
Sementais \leq 81 meses	141 %
Sementais $>$ 81 meses e \leq 101 meses	57 %
Sementais $>$ 101 meses	24 %
SEMENTAIS DE APTITUDE CÁRNICA	
Sementais \leq 81 meses	132 %
Sementais $>$ 81 meses e \leq 101 meses	93 %
Sementais $>$ 101 meses	33 %
SEMENTAIS EN PROCESO DE AVALIACIÓN	
IDADE DOS SEMENTAIS DE APTITUDE LÁCTEA EN MESES	% sobre o valor unitario base
Sementais \geq 15 meses e \leq 24 meses	70 %
Sementais $>$ 24 meses e \leq 59 meses	112 %
Sementais $>$ 59 meses	42 %
IDADE DOS SEMENTAIS DE APTITUDE CÁRNICA EN MESES	% sobre o valor unitario base
Sementais \geq 15 meses e \leq 24 meses	82 %
Sementais $>$ 24 meses e \leq 59 meses	129 %
Sementais $>$ 59 meses	59 %

ANEXO III

VALOR LÍMITE MÁXIMO PARA OS RISCOS DE MORTES E SACRIFICIOS POR EEB E FEBRE AFTOSA E SACRIFICIOS OBRIGATORIOS POR SANEAMENTO GANDEIRO BÁSICO E SANEAMENTO GANDEIRO EXTRA

VALOR LÍMITE MÁXIMO PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN PARA: EXPLOTACIÓNS DE RÉXIME LÁCTEO (*)	
IDADE DE ANIMAIS PRODUTIVOS EN MESES	% sobre o valor unitario base
Reproductoras ≥ 17 meses ata o primeiro parto	70 %
Reproductoras desde o primeiro parto a ≤ 39 meses	80 %
Reproductoras > 39 meses e ≤ 49 meses	70 %
Reproductoras > 49 meses e ≤ 59 meses	61 %
Reproductoras > 59 meses e ≤ 71 meses	48 %
Reproductoras > 71 meses e ≤ 83 meses	38 %
Reproductoras < 83 meses	26 %
Sementais ≥ 24 meses e ≤ 59 meses	77 %
Sementais > 59 meses	38 %
IDADE DE ANIMAIS NON PRODUTIVOS EN MESES	% sobre o valor unitario base
≤ 3 meses	38 %
≥ 3 meses e ≤ 6 meses	64 %
≥ 6 meses e ≤ 10 meses	83 %
> 10 meses e ≤ 14 meses	102 %
> 14 meses	128 %

(*) Tamén para femias de centros de reprodución oficialmente autorizados.

VALOR LÍMITE MÁXIMO PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN PARA EXPLOTACIONES DE RÉXIMES CÁRNICOS (*)

IDADE DE ANIMAIS PRODUTIVOS EN MESES	% sobre o valor unitario base
Reproductoras ≥ 22 meses ata o primeiro parto	64 %
Reproductoras desde o primeiro parto a ≤ 71 meses	74 %
Reproductoras > 71 meses e ≤ 83 meses	67 %
Reproductoras > 83 meses e ≤ 95 meses	64 %
Reproductoras > 95 meses e ≤ 107 meses	58 %
Reproductoras > 107 meses e ≤ 119 meses	51 %
Reproductoras > 119 meses e ≤ 131 meses	45 %
Reproductoras > 131 meses e ≤ 143 meses	38 %
Reproductoras > 143 meses e ≤ 155 meses	32 %
Reproductoras > 155 meses	26 %
Sementais ≥ 24 meses e ≤ 107 meses	96 %
Sementais > 107 meses	42 %
IDADE DE ANIMAIS NON PRODUTIVOS EN MESES	% sobre o valor unitario base
< 3 meses	48 %
≥ 3 meses ≤ 5 meses	54 %
> 5 meses e ≤ 8 meses	77 %
> 8 meses e ≤ 11 meses	96 %
> 11 meses e ≤ 15 meses	115 %
> 15 meses e ≤ 20 meses	122 %
> 20 meses	128 %

(*) Tamén para femias de centros de reprodución oficialmente autorizados.

VALOR LÍMITE MÁXIMO PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN PARA EXPLOTACIÓNS DE PRODUCCIÓN DE BOIS:	
IDADE DE BOIS VELLÓS EN MESES	% sobre o valor unitario base
Bois ≥ 22 meses e ≤ 27 meses	45 %
Bois > 27 meses e ≤ 33 meses	51 %
Bois > 33 meses e ≤ 39 meses	58 %
Bois > 39 meses e ≤ 45 meses	67 %
Bois > 45 meses e ≤ 84 meses	86 %
IDADE DE BOIS NOVOS EN MESES	% sobre o valor unitario base
Machos castrados ≤ 3 meses	35 %
Machos castrados ≥ 3 meses e ≤ 5 meses	38 %
Machos castrados > 5 meses e ≤ 8 meses	45 %
Machos castrados > 8 meses e ≤ 11 meses	48 %
Machos castrados > 11 meses e ≤ 15 meses	58 %
Machos castrados > 15 meses e < 22 meses	67 %
VALOR LÍMITE MÁXIMO PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN PARA CENTROS DE RECRÍA DE XOVENCAS	
IDADE DE TENREIRAS DE CENTROS DE RECRÍA EN MESES	% sobre o valor unitario base
Tenreiras > 2 meses e ≤ 6 meses	64 %
Tenreiras > 6 meses e ≤ 10 meses	83 %
Tenreiras > 10 meses e ≤ 14 meses	102 %
Tenreiras > 14 meses	128 %
IDADE DE XOVENCAS DE CENTROS DE RECRÍA EN MESES	% sobre o valor unitario base
Xovencas ≥ 17 meses e ≤ 36 meses	70 %
Reproductoras > 36 meses	32 %
Sementais ≥ 24 meses e ≤ 59 meses	77 %
Sementais > 59 meses	38 %

Por cada animal asegurado que resulte comisado no matadoiro a consecuencia directa ou indirecta dun resultado positivo de EEB, compensarase coa cantidade de 240 €.

CENTROS DE REPRODUCCIÓN OFICIALMENTE AUTORIZADOS	
IDADE DOS SEMENTAIS MELLORANTES EN MESES	% sobre o valor unitario base
SEMENTAIS DE APTITUDE LÁCTEA	
Sementais ≤ 81 meses	90 %
Sementais > 81 meses e ≤ 101 meses	36 %
Sementais > 101 meses	15 %
SEMENTAIS DE APTITUDE CÁRNICA	
Sementais ≤ 81 meses	84 %
Sementais > 81 meses e ≤ 101 meses	60 %
Sementais > 101 meses	21 %
SEMENTAIS EN PROCESO DE AVALIACIÓN	
SEMENTAIS DE APTITUDE LÁCTEA	
Sementais ≥ 15 meses e ≤ 24 meses	45 %
Sementais > 24 meses e ≤ 59 meses	72 %
Sementais > 59 meses	27 %
SEMENTAIS DE APTITUDE CÁRNICA	
Sementais ≥ 15 meses e ≤ 24 meses	52 %
Sementais > 24 meses e ≤ 59 meses	83 %
Sementais > 59 meses	38 %

ANEXO IV

VALORES DE COMPENSACIONES POR INMOBILIZACIÓN

VALORES DE COMPENSACIÓN NO CASO DE INMOBILIZACIÓN POR FEBRE AFTOSA EN €

Tipos de animal	Euros/semana
Productivos	7 €
Non productivos	3 €

Cun período de inmovilización mínimo de 21 días completos. Superado ese período mínimo de inmovilización, compensarase por todos os días de inmovilización, ata un máximo de 17 semanas, por todo o período de vixencia da póliza.

VALORES DE COMPENSACIÓN DE SANEAMIENTO POLO TEMPO EN QUE NON SE PODEN RESTITUÍR OS ANIMAIS PRODUCTIVOS

Réximes: <ul style="list-style-type: none">• Lácteo• Centros de reproducción oficialmente autorizados	2,65 % do valor unitario base/semana*
Réximes: <ul style="list-style-type: none">• Semiestabulación• Fácil control• Difícil control• Devesa	1,12 % do valor unitario base/semana*

(*) Por cada animal adulto sacrificado e ata un máximo de 17 semanas.

VALORES DE COMPENSACIÓN POLA PRIVACIÓN DE ACCESO A PASTEIROS

Animais productivos	0,4 % do valor unitario base/semana*
Animais non productivos	0,4% do valor unitario base/semana*

(*) Cun máximo de 10 semanas.

Para os efectos do seguro, para establecer a idade do animal contarase o número de meses. Os días que non completen un mes computarán como un mes máis.

Significado de expresións utilizadas nos anexos:

>: maiores de.

<: menores de.

≥: maiores ou iguais a.

≤: menores ou iguais a.

ANEXO V

COMPENSACIÓN POLA PERDA DE PRODUCCIÓN CONSECUTIVA A UN BROTE DE MAMITE CLÍNICA

DÍAS DESDE O PARTO (EN DECENAS) NO MOMENTO NO QUE SE VE AFECTADO POR MAMITE CLÍNICA	€ DE COMPENSACIÓN POLA PERDA DE PRODUCCIÓN DOS ANIMAIS QUE NON PRECISEN SACRIFICIO	€ DE COMPENSACIÓN POLA PERDA DE PRODUCCIÓN DOS ANIMAIS SACRIFICADOS
1	725	516
2	704	503
3	683	490
4	658	475
5	634	459
6	610	444
7	587	430
8	564	415
9	541	401
10	519	387
11	497	374
12	476	360
13	456	348
14	435	335
15	415	323
16	397	311
17	378	299
18	359	287
19	342	277
20	325	266
21	307	255
22	291	245
23	276	235
24	260	225
25	245	216
26	231	207
27	217	198
28	204	191
29	192	183
30	180	176

COMPENSACIÓN POLA PERDA DE ANIMAIS PRODUTIVOS CONSECUTIVA A UNHA MORTALIDADE MASIVA

TIPO DE EXPLOTACIÓN	RÉXIME LÁCTEO E CENTROS DE REPRODUCCIÓN OFICIALMENTE AUTORIZADOS	RÉXIMES CÁRNICOS
INDEMNIZACIÓN: % DO VALOR UNITARIO DOS ANIMAIS PRODUTIVOS	45%	19%

COMPENSACIÓN POLA PERDA DE CALIDADE DO LEITE (en € por cada tonelada producida no mes)

		ESTRATOS MENSUAIS (células somáticas en miles)								
ESTRATOS INICIAIS (en miles)		< 100	≥ 100 e < 150	≥ 150 e < 200	≥ 200 e < 250	≥ 250 e < 300	≥ 300 e < 350	≥ 350 e < 400	≥ 400 e < 500	≥ 500
		A	B	C	D	E	F	G	H	I
< 100	A	0	0	4	6	8	10	11	14	15
< 150	B	0	0	0	3	4	6	8	12	14
≥ 150 e < 200	C	0	0	0	0	4	6	6	12	14
≥ 200 e < 250	D	0	0	0	0	0	4	6	12	14
≥ 250 e < 300	E	0	0	0	0	0	0	6	12	14

CE: 401/2017